

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xuño de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e cinco horas do día trece de xuño de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(635).- ACTA ANTERIOR. Apróbase as actas das sesións ordinarias do do 16 e 23 de maio e extraordinaria do 27 de maio de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(636).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER PARA O EXECUCIÓN DUN TALLER DE APOIO PSICOLÓXICO A ENFERMOS/AS DE CANCRO. EXPTE 12726/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 24.05.05 e de acordo co informe proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, do 27.04.05, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, pola delegada da Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración coa “Asociación española contra el cáncer” CIF G28197564 co compromiso de atender 20 prazas/ano no taller de psicoterapia que derive o departamento de Benestar Social con vixencia ata o 31/12/05 e a contraprestación económica por parte do Concello de 9.000.- €, con cargo á partida 2270615 do programa 3130.

Vigo, de de 2005.

REUNIDOS

Dunha parte,

A Delegada de Área Participación Cidadá, Marta Iglesias Bueno segundo o momeamento polo Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 o polo acordo da Xunta de Gobeno Local de 28 de febreiro de 2005

Doutra parte,

Dona Josefina Crespo Torres , DNI 35811865 como Presidenta da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER , CIF G28197564 , representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Doctor Cardaval 27, entresuelo, Izda.

Ámbalas dúas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

- 1. – Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes e a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia atribúe ós Concellos a creación e xestión de Servicios Sociais de atención primaria e especializada*
- 2. – Que o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, establece como obxectivos dos mesmos, entre outros, a mellora da autonomía persoal, a permanencia no medio familiar mentres se*
- 3. desexe e sexa conveniente, así como a creación de centros ocupacionais terapéuticos para o axuste persoal.*
- 4. – Que o cancro afecta a un gran numero de persoas e manifestase, entre outras cousas, con unhas consecuencias sociais de moita gravidade.*
- 5. – Que A Lei de Servicios Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizos sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*
- 6. – Que o Concello actualmente non dispón de centros terapéuticos para atender esta doenza nin do persoal de apoio e atención mínima de asistencia psicolóxica, etc., etc., que axude a mellorar no posible a calidade de vida de enfermos e familiares.*

7. – Que a “Asociación Española contra o Cáncer” entidade colaboradora do departamento de Benestar Social desde hai anos, é a única entidade que presta atención social específica ós enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación entre outros son: presta-la asistencia psicolóxica e moral os familiares dos afectados da enfermidade, mellorar e controla-la asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.
8. – A “Asociación Española contra o Cáncer” esta a realizar unha labor de atención social os familiares daquelas persoas que padecen a enfermidade para o que contan con profesionais que desenvolve o seu traballo específico aliviando desta maneira a dependencia dos familiares.

Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.-

O Concello de Vigo e a “Asociación Española contra el Cáncer”, CIF G28197564 establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a atención ós enfermos/as de cancro e seus familiares dado o apoio psicolóxico necesaria para remprender a sua vidas depois da enfermidades .

Segunda

Os obxetivos xerais do programa e poner ó servicio do departamento o apoio psicolóxico necesario para atender as persoas enfermas de cancro que o precisen co obxecto de facilitar as sua integración a vida socio familiar e laboral mas mellores condición despois do trauma da enfermidade.

Terceira.-

Para elo, a “Asociación española contra el cáncer”, poñerá a disposición do departamento de Benestar Social un total de 20 prazas/años do taller terapeutico, sen cargo algún para os ocupantes que serán derivados polos servizos sociais municipais de atención primaria.

Cuarta.-

O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/2005 desde o momento da súa sinatura podendo prorrogar para o ano 2006 por acordo das partes antes do seu vencemento.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos pola Asociación Española contra el cáncer , é dicir; que non se dispoña do número de prazas sinaladas na cláusula anterior, deberían reintegrarse as cantidades que se tivesen percibido.

Quinta.-

Constitúese unha Comisión Técnica permanente integrada por un representante de cada unha das partes que velara polo cumprimento do mesmo determinando as persoas a derivar o taller en función de sua patoloxia .

Así mesmo, e para dirimir as controversias que se puidesen presentar no transcurso da vixencia do convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento que formarán dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se reunirá as veces que fose necesario para resolver as dúbidas, diverxencias ou calquera cuestión que a aplicación do acordo puidese xerar.

Sexta.-

Pola 20 das prazas de taller de terapia de apoio psicolóxico o Concello aboará á Asociación española contra el cancer a cantidade de 9.000 .- € no ano 2005.

O Concello de Vigo aboará a cantidade inicial de 3.000 € ó inicio do programa por isto, o funcionario/a encargado/a notificará o comezo do mesmo.

O resto do importe aboarase en dous prazos da seguinte maneira:

O segundo pago por importe do 3.000 , €, satisfarase no mes de xullo de 2005.

O terceiro e derradeiro pago por importe dos 3.000 € restante, efectuarase unha vez sexa xustificada e certificada a realización da totalidade dos obxectivos do programa por parte do técnico responsable do programa.

Sétima.-

A formulación de todo tipo de información ou publicidade da actividade realizarase conxuntamente por medio da Comisión Mixta.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado, os comparecentes.

3(637).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA AS AXUDAS DE “EMERXENCIA SOCIAL” DE ACONDICIONAMENTO DE VIVENDAS PARA FAMILIAS CON PROBLEMÁTICA SOCIO-ECONÓMICA, ANO 2005. EXPTE 12744/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, do 02.06.05, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e pola interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Ratificar o decreto da Delegada da Área de Participación Cidadá de data 1/06/2005 polo que se manifesta o interese do Concello en participar na convocatoria, aceptación das bases e a cantidade a aportar polo Concello, nas axudas da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para “Emerxencia social con destino a familias con problemática socioeconómica para acondicionamento de vivendas” ano 2005.

2º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial ao amparo das bases aprobadas para axudas de arranxo vivendas con destino a familias con problemática socio-económica do ano 2005, publicadas no BOP nº 72 do 15 de abril, os importes correspondentes ao 50% dos orzamentos presentados a nome do beneficiario que de seguido se detalla:

| EXPTE. | SOLICITANTE | DNI | IMPORTE |
|--------|----------------------|-----------|------------|
| 12/083 | Manuel Vargas Mariño | 36120559W | 3.700,00 € |

3º.- Esta axuda satisfarase polo Concello de Vigo con cargo ao documento contable A 200500003403 da partida 3130.480.00.00.

4º.- En base ao anterior solicitarase á Excm. Deputación Provincial o 50% do gasto total da axuda sinalada no punto 2º e tramitarse o expediente oportuno.

4(638).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs 21/136, 21/287, 21/962, 22/1323 E 01/381/2005.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Carmen Bernárdez Villafín. Expte. 21/136.
- Amelia Marzoa Prieto. Expte. 21/287.
- Argimiro Rodríguez Rodríguez. Expte. 21/962.
- José Antonio Silva Álvarez. Expte. 22/1323.
- José Antonio Estévez Novas. Expte. 01/381.

5(639).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENZAS CEDRO DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2005.

De conformidade coa base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados pola Unidade Asistencial de Drogodependentes CEDRO durante os meses de marzo e abril de 2005, e que son os seguintes:

a) Marzo de 2005.

| DATA | CONCEPTO | PARTIDA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|-----------|--|-------------|--------------|---------------|------------------------------------|
| 18-mar-05 | RETIRADA DE RESIDUOS TOXICOS DO LABORATORIO | 41232270000 | 200500012809 | 5.345,88 | CONSEUR, S.A. |
| 18-mar-05 | ADQUISICION DE MATERIAL DE HIXIENE E ASEO PARA O LABORATORIO | 41232210900 | 200500012810 | 2.430,00 | PROQUICEL, S.A. |
| 18-mar-05 | SERVICIO DE LAVANDERIA | 41232270000 | 200500012811 | 3.200,00 | LAVANDERIA INDUSTRIAL JEYFER, S.L. |
| 21-mar-05 | ADQUISICION DE REACTIVOS PARA URINOANALISE | 41232210700 | 200500013780 | 2.721,81 | EVELAYPER. S.A. |
| 21-mar-05 | ADQUISICION DE SERVILLETAS DE PAPEL (CLINEX) | 41232210900 | 200500013781 | 225,20 | PORTOMOREIRA DISTRIBUCIONES, S.L. |

| | | | | | |
|-----------|---|-------------|--------------|----------|--|
| 21-mar-05 | ADQUISICION DE MATERIAL IMPRESO PROGRAMA IMAN | 41232270603 | 200500013782 | 600,94 | GARPE COPISTERIA DIGITAL |
| 23-mar-05 | ADQUISICION MATERIAL DE CARPINTERIA PARA A UNIDADE DE DIA | 41232270600 | 200500014004 | 498,52 | MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, S.L. |
| 29-mar-05 | ADQUISICION DE MEDICAMENTOS PARA O LABORATORIO | 41232210700 | 200500014069 | 1.500,00 | FARMACIA AURORA BLANCA IGLESIAS ALVARADO |

b) Abril de 2005.

| DATA | CONCEPTO | PARTIDA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|----------|--|-----------|--------------|---------------|---|
| 01-04-05 | SUMINISTRO DE 250 LITROS DE SOLUCION DE METADONA PARA O LABORATORIO DE CEDRO | 221.07.00 | 200500014453 | 4.500,00 | FARMACIA Mª LUISA RODRIGUEZ DE LEGISIMA |
| 05-04-05 | SUMINISTRO MATERIAL DEPORTIVO PARA O XIMNASIO DE CEDRO | 226.09.00 | 200500015129 | 2692,59 | EFFORT DEPORTES, S.L. |
| 04-04-05 | REALIZACION CURSOS DE CERAMICA NA UNIDADE DE DIA DE CEDRO | 227.06.00 | 200500014934 | 4.242,00 | Mª LUISA VIDAL JABOIS |
| 04-04-05 | SUMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL DE CARPINTERIA PARA A UNIDADE DE DIA DE CEDRO | 227.06.00 | 200500014935 | 900,01 | GARCI VENTA S.L. |
| 12-04-05 | SUMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL DE CARPINTERIA PARA A UNIDADE DE DIA DE CEDRO | 227.06.00 | 200500016062 | 600,00 | FABRICA DE CASAS DE MADERA S.L. |
| 26-04-05 | SERVICIO DE ASISTENCIA TECNICA E SESIONS DE SUPERVISION DO EQUIPO DE CEDRO | 227.06.04 | 200500019233 | 7.275,00 | CARLOS GUILLEN GESTOSO |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(640).- PROPOSTA PARA INICIAR A TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN ESTUDIO DE VIABILIDADE PARA A CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA E EXPLOTACIÓN DUN COMPLEXO DE AUGA EN NAVIA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do ifnorme-proposta do técnico municipal de do Servizo de Deporte, do 8.06.05, que di o seguinte:

Con data 25 de abril de 2005 o Pleno do Concello aprobou a Modificación puntual de nº 1 do Plan Parcial de Navia, promovido por Xestur de Pontevedra da Xunta de Galicia.

Nesta modificación se agrupan tres parcelas previstas para dotación de equipamento deportivo, nunha sola peza de 33.100 m2 o que permite a construción dunha instalación menos dispersa.

Cómpre subliñar que nesta parcela se pon a disposición da Dirección Xeral de Deportes 10.000 m2 de terreo para a construción dun campo de fútbol sintético.

A Lei 13/2003, de 13 de maio, reguladora do contrato de concesión de obra pública, modificou a lei de Contratos coas Administracións Públicas introducindo, entre outros aspectos un novo Título V no texto legal citado, e creando un novo contrato administrativo que ten como fin posibilitar a financiación privada de grandes infraestruturas públicas sen contraprestación certa por parte da administración concedente ó trasladase ó empresario, mediante o oportuno control e tutela e construción, explotación e conservación da obra pública que se efectuará o seu risco e ventura.

Neste contexto e data a pretensión de construír un equipamento que permita organizar grandes eventos en Vigo de natación e actividades de lecer, é polo que o plantexamento anteriormente exposto e recollido na Lei 13/2003, se axusta á necesidade que ten a cidade dunha instalación da seguintes características mínimas.

- Vaso de 50x25 m. onde se podan desenvolver competicións do máximo nivel.
- Vaso de adestramento de 50 x 10 m.
- Bancada con mínimo para 500 espectadores, con elementos móbiles que poidan duplicar esta capacidade.
- Espacios relacionados con auga para actividades deportivas e de lecer.
- Ximnasios e salas multiuso.
- Espacios de uso terciario que permitan o desenvolvemento e viabilidade do proxecto.
- Aparcamento.

Este tipo de contrato é o máis idoneo para os intereses municipais e para a construción das dotacións anteriormente referidas. Previo a incoación do expediente de contratación é necesario facer un estudio de viabilidade e un anteproxecto das instalacións anteriormente referidas.

Por todo isto se propón á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Encargar ao Servizo de Deportes a tramitación dun expediente para a contratación dun estudio de viabilidade para a concesión de obra pública e explotación dun complexo de auga en Navia, mediante contrato menor de conformidade co sinalado no art. 227 da LCAP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(641).- BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2005 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 3143/77.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 05.05.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, pola interventora xeral, e conformado xurídicamente por técnico da Administración Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2005 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que de seguido se transcriben.

2º.- Aprobar a disposición total de 120.000 € (CENTO VINTE MIL EUROS), para a concesión das devanditas axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida presupuestaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral"

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2005 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1- Finalidade*
- 2- Beneficiarios/as*
- 3- Requisitos xerais*
- 4- Tipos e contías das axudas*
- 5- Criterios de avaliación*
- 6- Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 1- Instrucción e tramitación das axudas*
- 2- Comisión de Valoración*

Base 4ª - SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Base 5ª - CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª - PUBLICIDADE

Base 7ª - REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Base 8ª - DISPOSICIÓN ADICIONAL

Base 9ª - DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- ANEXO I – Impreso de solicitude das axudas*
- ANEXO I bis – Documentación a presentar*
- ANEXO II – Ficha de solicitude de transferencia bancaria*
- ANEXO III – Declaración xurada doutras axudas*

ANEXO IV – Declaración de actuación de comprobación e seguimento

ANEXO V – Memoria xustificativa do proxecto empresarial

ANEXO VI – Declaración de non estar incurso na prohibición para obter a condición para obter a condición de beneficiario/a de axudas

ANEXO VII – Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases que regulan, para o ano 2005, a concesión de axudas municipais para o fomento da creación de empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas enmárcase no Plan Municipal de Emprego 2004–2007 que o Concello de Vigo pon en marcha, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego e deste xeito apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego.

2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídos no período comprendido entre o 1 de xuño de 2004 e o 31 de maio de 2005. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 70/2011, de 12 de xaneiro.

3. Requisitos xerais

- Desenvolver a actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo.*
- Estar desempregado/a e crear o seu propio posto de traballo, por conta propia, en calquera das formas xurídicas existentes sempre e cando se pertenza a algún dos seguintes colectivos (no caso de seren varios promotores/as todos eles deben estar desempregados, a lo menos un debe cumprir os requisitos):*
 - Parados/as de longa duración (mínimo 12 meses).*
 - Descapitados/as.*
 - Maiores de 45 anos.*
 - Mozos menores de 25 anos.*
 - Demandantes de primeiro emprego.*
 - Persoas vítimas da violencia doméstica.*
- Ser viable técnica, económica e financeiramente.*
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Vigo.*
- Que non desenvolveran a mesma ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos doce meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.*

4. Tipo e contías das axudas

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de

2.400 € e non poderá superar os límites que estas bases establecen para cada un dos conceptos considerados obxecto de subvención, nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores.

Cando a empresa beneficiaria estea constituída por discapacitados/as ou persoas vítimas da violencia doméstica (como mínimo debe ter un socio traballador/a con discapacidade, ou vítima da violencia doméstica), o importe de subvención terá un incremento de 500 €. No caso de concorrer as dúas circunstancias só se tera en conta unha delas a efecto de aplicar a contía da subvención. Deste xeito preténdese dar un apoio a estes colectivos, que teñen maiores dificultades na súa incorporación ó mundo laboral.

Os gastos que poderán ser subvencionables, correspondentes ós tres primeiros meses de inicio da actividade, son, esencialmente, os seguintes:

a) Existencias iniciais de mercadorías

Inclúe a adquisición de primeiras compras de mercadorías, ademais das compras de materias primas e outros consumibles utilizados no proceso de produción durante os primeiros tres meses de actividade.

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.500 €.

b) Gastos de arrendamento de locais

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.700 €.

c) Primas de seguros

Serán subvencionables os gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. A subvención máxima neste apartado será do 50% da contía total no conxunto de primas, cun tope de 600 €.

d) Subministros e gastos correntes

Son subvencionables os seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

D1- auga

D2- teléfono

D3- luz

D4- gasóleo / gasolina

D5- material de oficina

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 900 €.

Quedan excluídos destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, en ningún caso consideraranse gastos subvencionábeis os impostos indirectos cando sexan susceptíbeis de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

5. Criterios de avaliación

A concesión de axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. *Emprendedores/as incluídos na base de datos do Servizo de Asesoramento a Emprendedores/as (SAE) (Ata 10 puntos).*
2. *Que o/s promotor/es ou traballador/es contratado/s participen ou tivesen participado nalgunha actividade de fomento do emprego do Concello (Ata 10 puntos).*
3. *A situación social do colectivo beneficiario (perceptores RISGA, discapacitados, mozos/as en busca do primeiro emprego, mulleres, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, ...) (Ata 10 puntos).*
4. *Número e grao de estabilidade dos postos de traballo creados (incluíndo ó/s propio/s promotor/es) (Ata 10 puntos).*
5. *Antigüidade no desemprego do/s promotor/es e/ou do/s contratado/s (Ata 10 puntos).*
6. *Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (Anexo VI) (Ata 10 puntos) .*
7. *Non Concorrenza con outras axudas ou subvencións (Ata 10 puntos).*
8. *Que o/s promotor/es estea/n empadroados no Concello de Vigo (Ata 10 puntos).*

Todas as solicitudes que non acaden a puntuación mínima por riba da cal se concederan as axudas, unha vez aplicados os criterios e ata esgotar o presuposto dispoñible, serán desestimadas.

6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de tres anos. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse á Concellaría de Desenvolvemento e Emprego no prazo dun mes dende a súa modificación.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, nacionais e internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) *O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total das accións subvencionadas.*
- b) *Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “mínimis”, por calquera Administración Pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000 € nun período de tres anos para o mesmo beneficiario/a.*

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

1. *Instrucción e tramitación das axudas*

- O procedemento ordinario para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarse en réxime de concorrencia competitiva.
- A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, previo informe da Comisión de Valoración, propondra a concesión e denegación das axudas a Xunta de Goberno Local.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo sera notificado a todos os solicitantes.

2. Comisión de Valoración

Existirá unha Comisión de Valoración , que estará composta por:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.
- Dous técnicos/as do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) nomeados pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, será a encargada de avaliar as solicitudes, tramitando aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (anexo I e anexo I bis), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999.

As solicitudes dirixiranse á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e deberán ir acompañadas, de toda a seguinte documentación (por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada):

- No caso de persoas xurídicas, DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do representante que asina a solicitude.
- DNI e acreditación do NIF, se o solicitante é empresario individual, ou CIF, cando se trate de persoas xurídicas.
- Alta no IAE da empresa ou empresario individual que solicita a axuda e, no caso de sociedade, acompañada de copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresario/s traballador/es.
- No caso de que se xustifique contratación estable:
 - DNI e vida laboral do/s traballador/es contratado/s.
 - Contrato/s de traballo, no/s que deberá figurar que ten finalizado o período de proba fixado no contrato ou, no caso de non constar, o que regule o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego.
 - Alta do/s traballador/es na Seguridade Social.
- Solicitude de licenza de apertura e a de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da súa actividade.
- Copia compulsada das facturas do gasto para os que se solicitou a subvención.
- Se é o caso, certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente, en grado total ou gran invalidez.

- *Certificados de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social, na Consellería de Facenda e na AEAT da sociedade e de todos os socios.*
- *Ficha de solicitude de transferencia bancaria (anexo II).*
- *Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van solicitar para esta actividade en concreto (anexo III).*
- *Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Seguimento (anexo IV).*
- *Memoria xustificativa do proxecto empresarial debidamente cumprimentada(anexo V).*
- *Declaración de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da lei 38/203 Xeral de Subvencións (anexo VI).*
- *Se é o caso, certificado de participación en actividades de fomento do emprego do Concello, ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.*
- *Se é o caso, documentación que acredite a condición de vítima da violencia domestica.*

Toda solicitude que non inclúa a documentación esixida na base 4ª sera requirida conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

Obrigas e prazo

1. *O prazo de presentación de solicitudes ira dende a data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 31 de agosto de 2005.*
2. *A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego poderá esixir os/as beneficiarios/as, previo ó pago da subvención, calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación do investimento ou outro punto relacionado coa actividade empresarial.*
3. *A documentación relativa a os proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo.*

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. *A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración .*
2. *O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende o ultimo día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que dicten resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, podendo recorrer dita resolución segundo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.*
3. *Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas con pagamento único, condicionadas a que:*
 - *se produza e acredite a execución da actuación, presentando facturas orixinais dos gastos obxecto da subvención na contía concedida.*
 - *Certificado de estar o corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.*

O prazo para a presentación desta documentación será de 15 días contado a partir da data na que se notifique a concesión das correspondentes axudas.

Base 6ª. PUBLICIDADE

Esta convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade, e na paxina web <http://emprego.vigo.org>, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

O listado das axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local será publicado na paxina web <http://emprego.vigo.org>, e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

Os beneficiarios/as dos proxectos subvencionados a través desta convocatoria deberán pór no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo, xunto co escudo do Concello.

As bases reguladoras de esta convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse nas dependencias de información do concello, e na concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 7ª. REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. Procederá a revogación das axudas concedidas no caso de :

a).- O incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación total ou parcial da subvención e a obriga de reintegro das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións, que no seu caso, resulten esixíbeis.

b) A non xustificación das axudas no prazo concedido.

2. O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de 15 días a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.

Base 8ª. NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ó disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Bases de execución dos presupostos municipais.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Restante normativa aplicable.

Base 9ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 4700000 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2005, cun importe total de 120.000 €.

2. Segunda

A presente resolución e as axudas outorgadas ó abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da comisión relativa ás axudas de “mínimis”.

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte a da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

8(642).- BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2005, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 3105/77.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.04.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, pola interventora xeral e conformado xurídicamente polo técnico da Administración Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2005 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, que de seguido se transcriben.

2º.- Aprobar a disposición total de 30.000,00€ (TRINTA MIL EUROS), para a concesión das devanditas axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida presupuestaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2005 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1 Finalidade*
- 1.2 Características das empresas e entidades beneficiarias*
- 1.3 Requisitos*
- 1.4 Tipos e contías das axudas*
- 1.5 Obrigas*
- 1.6 Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1 Instrución e tramitación das axudas

3.2 Comisión de Valoración

Base 4ª - SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Base 5ª - PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

Base 6ª - XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

Base 7ª - REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Base 8ª - PUBLICIDADE

Base 9ª - DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I - Impreso solicitude axudas

ANEXO I bis - Documentación para xuntar, inescusablemente, coa solicitude

ANEXO II - Ficha de solicitude de transferencia bancaria

ANEXO III - Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido outras axudas

ANEXO IV - Declaración de aceptación das actuacións de comprobación e seguimento

ANEXO V- Declaración de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións

ANEXO VI – Solicitude de traballadores/as á Bolsa de emprego

INTRODUCCIÓN

O Plan municipal de emprego 2004-2007, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2004, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran este plan, dentro dos Programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación”.

BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición, ten por obxecto fixar as bases que regulan a concesión de axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. A concesión e contía das axudas dependerá (sempre que se cumpran os requisitos establecidos), dos seguintes criterios:

- 1. Características e número de persoas contratados/as (ata 10 ptos).*
- 2. Duración (ata 10 ptos).*

Todas as solicitudes que non acaden a puntuación mínima por riba da cal se concederán as axudas, unha vez aplicados os criterios e ata esgotar o presuposto dispoñible, serán desestimadas.

As subvencións establecidas nas presentes bases poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se formalicen no período comprendido entre o 1 de setembro de 2004 e o 15 de setembro de 2005.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas (independentemente da súa forma xurídica) e entidades distintas da administración pública, sempre que o obxecto da súa contratación sexa “Persoas desempregadas da Bolsa de emprego da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego”.

1.3. Requisitos

1.3.1. A contratación ten que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña cando menos durante o tempo de vixencia do contrato obxecto de subvención.

1.3.2. Non ter recibido ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.3.3. As persoas a contratar deben estar incluídas na Bolsa de emprego da concellaría. Para solicitar candidatos/as, de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, deberase utilizar modelo normalizado que se achega nestas bases (Anexo VI).

1.4. Tipos e contías das axudas

Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

| Duración mínima | Contía da axuda |
|-----------------|-----------------|
| 1 ano | 1.500,00 € |
| 6 meses | 750,00 € |

Se a persoa contratada pertence a un destes colectivos: muller, parado/a de longa duración, maior de 45 anos ou menor de 25 anos, a contía poderá incrementarse en 120,00 € se o contrato é dun ano e 60,00 € se o contrato é de seis meses; e se a persoa contratada é discapacitado/a ou vítima de violencia doméstica a contía poderá incrementarse en 375,00€ por seis meses e 750,00€ por un ano

Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses como para os dun ano).

Nos contratos temporais a xornada parcial o incremento da contía da subvención por pertencer a un colectivo de persoas con dificultades de acceso ao mundo laboral será proporcional á xornada de traballo.

1.4.1. O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 6.000,00 €, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar o dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2. As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, na aplicación orzamentaria 3220 470 00 00 “Programa de axudas á inserción laboral” por un importe de 30.000,00 €

1.5. Obrigas

1. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopan ao corrente das súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
2. Non atoparse en situación de suspensión de pagamentos ou quebra e, así mesmo, que nos tres últimos anos non amortizaran postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.
3. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
4. Manter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, acollerse ás condicións do apartado 1.6.
5. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
6. O cómputo global do seu cadro de persoal deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, cando menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.
7. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración reguladora das subvencións obxecto destas bases.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, terá que facerse dentro dos trinta días naturais seguintes ao da baixa, e por un período de tempo equivalente ao que resta para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria procederá a devolver a axuda concedida segundo o estipulado na base 7ª. A nova persoa contratada deberá pertencer á Bolsa de emprego da Concellaría.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais a contar dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicar á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación. Neste caso terá que achegar a seguinte documentación:

- Comunicación por escrito onde conste a causa da extinción contractual.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora suscrito na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.
- Estas axudas serán incompatibles con outras que, por eses mesmos conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento de emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.
- Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento ordinario para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarse en réxime de concorrencia competitiva.

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego previo informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión e dengación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos os solicitantes.

3.2. Comisión de Valoración

Estará composta polos seguintes membros:

- A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local*
- O xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego*
- Dous técnicos/as da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeados/as pola concelleira.*

A dita Comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade da concelleira, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas; poderá requirirlle á empresa beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego ao “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).*
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedade, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.*
- DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.*
- Informe da vida laboral actualizado das persoas traballadoras.*
- Contrato de traballo, rexistrado na oficina do Servizo Público de Emprego.*
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).*
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).*
- Declaración pola que se expresa a aceptación das Actuacións de Comprobación que acorde a Comisión de Valoración (Anexo IV).*
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de tódolos/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa.*
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grado total ou gran invalidez (de ser a persoa contratada discapacitada) ou certificado dos períodos de inscrición como demandante de emprego (de ser a persoa contratada parada de longa duración).*
- Declaración de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario prevista no art. 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo V)*

- No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de orientación laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.

O prazo de presentación irá dende a data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 15 de setembro de 2005. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución baseada nos criterios establecidos no punto 1.1. da Base 1ª.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, será requirida ao solicitante conforme ao establecido no artigo 71 da lei 30/1992 do RXPAC

A documentación relativa as solicitudes que non resulten subvencionadas, poderá ser retirada das dependencias municipais, polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.

Base 5ª. PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será como máximo de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes (15 de setembro de 2005) no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que dicten resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, podendo recorrer dita resolución seguindo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.

O acordo de concesión destas axudas seralles notificado aos solicitantes no prazo de 15 días naturais dende o momento no que aquel se produce.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas, faranse efectivas nun pagamento único, condicionado á presentación no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 15 días naturais dende a recepción da notificación, da seguinte documentación:

- Xustificante de alta na Seguridade Social da persoa contratada.
- Documentación acreditativa da vixencia do contrato (Vida laboral ou xustificante de baixa na Seguridade Social).
- Último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.

Base 6ª - XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

A obriga da empresa beneficiaria é cumprir a finalidade pola que se lle concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos. Neste senso, segundo o estipulado no artigo 32 da lei 38/2003 de 17 de novembro sobre axudas e subvencións públicas, a empresa beneficiaria no prazo dun mes dende a finalización do contrato obxecto de subvención ten a obriga de xustificar o anterior, mediante a presentación da documentación que requira a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, co obxecto de comprobar o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

Base 7ª REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

1.- Procederá a revogación das axudas concedidas no caso de :

a) O incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación total ou parcial da subvención e a obriga de reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións, que no seu caso, resulten esixíbeis.

b) A non xustificación das axudas no prazo concedido.

2.- O/A beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de quince días a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.

Base 8ª. PUBLICIDADE

As bases reguladoras desta convocatoria, e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Esta convocatoria para o ano 2005 do "Programa de axudas municipais á contratación", como un dos incentivos de fomento ó emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo, publicarase no BOP, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web <http://emprego.vigo.org>, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

O listado das axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local será publicado na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 9ª. NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Bases de execución dos presupostos municipais.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Restante normativa aplicable.

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación na Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

9(643).- AMPLIACIÓN DE CONTRATO PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TUNEIS E PASOS INFERIORES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 11245/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro Industrial municipal, do 2.06.05, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de novembro de 2003, aprobou os pregos de prescricións administrativas e técnicas para a contratación da prestación do servizo de mantemento integral das instalacións electro-mecánicas dos tuneis e pasos inferiores da Cidade de Vigo. No prego de prescricións técnicas no apartado 10 "Ampliación do contrato", establecece o seguinte:

"A empresa que resulte adxudicataria do presente contrato de mantemento estará obrigada a adscripción de todos os tuneis e pasos inferiores e elevados novos que se realicen dentro do período de vixencia do mesmo. Tendo en conta especialmente o túnel en construción de conexión a Teis, tramo de conexión coa autopista AP-9.

O importe das certificacións será incrementado de maneira proporcional tendo en conta o orzamento de adxudicación, a nova potencia instalada en servizos e os m² tanto dos viais de rodadura como das paredes dos tuneis obxecto de limpeza".

A Xunta de Goberno Local, en data 12 de xullo de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar á Unión Temporal de empresas formada por Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (50%) e Equipos de Señalización y Control, S.A. (50%) o servizo de mantemento das instalacións electromecánicas dos tuneis propiedade do Concello de Vigo por un prezo de adxudicación de 351.253,40 Euros/ano (IVE engadido), desglosado nos seguintes conceptos:

- Potencia instalada en bombeos (C.V.) 95,00 Euros/CV.
- Potencia instalada en alumeados (KW) 130,00 Euros/KW.
- Potencia instalada en ventilación (C.V.) 95,00 Euros/CV.
- Superficie paredes tuneis (M²) 2,00 Euros/M²
- Superficie vial rodadura (M²) 0,80 Euros/M²

Dado que na actualidade xa están en servizo os tuneis:

- ✓ Paso inferior da Travesía de Vigo (frente Carrefour).
- ✓ Túnel de acceso á autopista AP-9.
- ✓ Túnel do Areal (prolongación Túnel Beiramar),

coas seguintes características:

Túnel Travesía de Vigo

| Potencia alumeados (KW) | Potencia bombeo (C.V.) | Potencia ventilación (C.V.) | Superficie rodadura (M ²) | Superficie paredes (M ²) |
|-------------------------|------------------------|-----------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------|
| 7,40 | 0 | 0 | 3.323,8 | 2627,6 |

Túnel de acceso á autopista AP-9

| Potencia alumeados (KW) | Potencia bombeo (C.V.) | Potencia ventilación (C.V.) | Superficie rodadura (M ²) | Superficie paredes (M ²) |
|-------------------------|------------------------|-----------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------|
| 16,95 | 3,55 | 222,64 | 0 | 0 |

Túnel do Areal (prolongación Túnel Beiramar)

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | | | | |
|--|--|--|--|--|

| Potencia alumado (KW) | Potencia bombeo (C.V.) | Potencia ventilación (C.V.) | Superficie rodadura (M ²) | Superficie paredes (M ²) |
|-----------------------|------------------------|-----------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------|
| 173,5 | 102 | 326,84 | 11.799,69 | 6.422,40 |

o que supón, tendo en conta os importes económicos unitarios antes indicados, un importe anual adicional en concepto de mantemento, de 137.050,69 Euros (IVE engadido), desglosado en:

- ✓ Prolongación do túnel de Beiramar por 99.272,05 Euros
- ✓ Reforma do túnel de acceso á autopista AP-9 por 27.482,20 Euros
- ✓ Túnel da Travesía de Vigo por 10.296,44 Euros,

según se detalla na tabla que se achega.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- Incrementar o importe económico do contrato actual de mantemento dos Tuneis existente coa UTE Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (50%) e Equipos de Señalización y Control, S.A. (50%), en 137.050,69 Euros /anuais (IVE engadido), co obxecto de prestar servicio aos novos tuneis urbáns.
- 2º.- Adscribir o servicio de mantemento dos tuneis:
 - Prolongación do Túnel de Beiramar por 99.272,05 Euros
 - Reforma do Túnel de acceso á autopista AP-9 por 27.482,20 Euros
 - Túnel da Travesía de Vigo por 10.296,44 Euros,
 á UTE Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (50%) e Equipos de Señalización y Control, S.A. (50%), actual adxudicataria do contrato de mantemento do mesmos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(644).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O EXERCICIO 2005. EXPTE. 1518/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 26.05.05 e de acordo co informe proposta da técnica da Administración Especial, do 25.05.05, conformado polo xefe de Participación Cidadá, pola delegada de Participación Cidadá, polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para a programación de actividades socioculturais durante o exercicio 2005.

2º.- Facultar á delegada de Participación Cidadá e mailo Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 27.286 €, a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36704666, en concepto do estipulado no convenio, con cargo ás seguintes partidas dos programas presupostarios para o vixente exercicio:

| | | |
|-----------------|----------------------------------|----------|
| 463.1.489.00.01 | Participación Cidadá | 12.036.- |
| 451.2.489.00.00 | Festas e Animación Sociocultural | 15.250.- |

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS DURANTE O EXERCICIO 2005

Vigo, xuño de 2005.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. MARTA IGLESIAS BUENO, delegada do área de Participación Cidadá e D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G - 36704666, con enderezo en Vigo na praza Galegos Ilustres, CP 36203, e en representación desta.

MANIFESTAN

Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que en anos anteriores se estableceron convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”; realizan ligas de xogos sociais e organizan os actos do Magosto. O resultado acadado en todos os casos foi moi satisfactorio para ambas partes.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento das actividades de carácter cultural, cívico e social que se indican na cláusula quinta.

SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2005, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” coa colaboración do Concello de Vigo.

TERCEIRA.- As actividades obxecto do presente convenio financiaranse, de acordo cos presupostos presentados pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e que ascenden a un importe total de 48.711 Euros (CORENTA E OITO MIL SETECENTOS ONCE) con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o seguinte.

| | | |
|---|----------------------------------|----------|
| a) Con cargo ós presupostos do Concello: | 27.286 €.- | |
| 463.1.489.00.01 | Participación Cidadá | 12.036 € |
| 451.2.489.00.00 | Festas e Animación Sociocultural | 15.250 € |
| b) Con cargo a FPR “El Olivo”: | 16.925 € | |
| c) Ingresos por outros conceptos (ventas, publicidade...) | 4.500 € | |

As cantidades que achega o Concello aplicaranse como segue:

Con cargo á Concellería de Participación Cidadá:

| | |
|--|----------|
| * XVIII Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa | 4.000 .- |
| * Festa das peñas | 2.500 .- |
| * Edición da revista Anuario | 2.500.- |
| * Gastos de xestión (administración, aluguer...) | 3.036.- |

Con cargo á Concellería de Festas e Animación Sociocultural:

| | |
|-----------------------|----------|
| * Magosto 2005 | 8.250 .- |
| * Circuitos culturais | 7.000.- |

CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servicios ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....

Por este motivo, a FPR “ El Olivo” proporalle ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” son as seguintes:

- 1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo ós proxectos presentados e que figuran como anexos .
- 2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.
- 4.- Editar o material gráfico da programación que figura no convenio e a súa distribución. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis,

cabalete con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo e anagrama oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.

5.- A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e da concelleira de Participación Cidadá. Na contraportada do libro figurará “patrocinado polo Concello de Vigo-Concellería de Participación Cidadá” co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista. As probas de prelo previas á impresión do libro presentaranse na Concellería de Participación Cidadá para a súa conformidade.

6.- Realizar a seguinte programación segundo os presupostos presentados:

- * XXI Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa.*
- * Festas das peñas.*
- * Edición da revista.*
- * Gastos de xestión (administración, aluguer,...)*
- * Magosto 2005.*
- * Circuitos culturais.*

7.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

8.- Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídos pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” dentro do período de vixencia do presente convenio.

9.- Presentar unha memoria parcial, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

- * Denominación da actividade.*
- * Programación realizada.*
- * Número de asistentes.*
- * Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.*
- * Parte de incidencias.*
- * Balance económico: relación de ingresos e gastos.*

10.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa.

11.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e da Federación de Peñas, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ou de Participación Cidadá, segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- O Concello de Vigo realizará o pagamento do importe estipulado na cláusula terceira segundo o seguinte detalle:

- 1.- Un primeiro pagamento por importe de CATRO MIL (4.000.-) correspondente ó XXI trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 2.- Un segundo pagamento por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á “Festa das Peñas”, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 3.- Un terceiro pagamento por importe de TRES MIL TRINTA E SEIS EUROS (3.036.-), correspondente ós gastos de xestión, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 4.- Un cuarto pagamento por importe de OITO MIL DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS (8.250.-), correspondente ó Magosto 2005, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 6.- Un quinto pagamento por importe de SETE MIL EUROS (7.000.-), correspondente ós circuitos culturais, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 7.- O resto do importe do convenio por DOS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á edición da revista, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*

En todos os casos, os pagamentos aboaranse mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0020.13.004.0023628, domiciliada en Caixanova, e da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”. Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria da actividade correspondente (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado noveno e décimo); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- A concelleira de Participación Cidadá e mailo de Festas e Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

11(645).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO MES DE MAIO DE 2005.EXPTE. 1522/335.

En cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, mediante providencia do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Festas e Animación Sociocultural no mes de maio de 2005 e que son os seguintes:

EXPTE. 1499/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE PRODUCCIÓN, MONTAXE E DESMONTAXE DE PALCOS PARA O DÍA DA MUIÑEIRA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21721

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 1.718,97 €

EXPTE. 1500/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE MONTAXE E DISPARO DE 100 BATERÍAS DE CONFETTI PARA DESFILE DA BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21722

ADXUDICATARIO: PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.

IMPORTE: 11.136,00 €

EXPTE. 1503/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA DE ESPECTÁCULO PARA BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21795

ADXUDICATARIO: MARTÍN RICARDO ARÉVALO

IMPORTE: 7.960,00 €

EXPTE. 1504/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN PARA BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21809

ADXUDICATARIO: MARTÍN, PRODUCCIONES Y EVENTOS, S.L.

IMPORTE: 9.154,72 €

EXPTE. 1505/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE LANZAMENTO DE CONFETTI DENDE AS CARROZAS NA BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21810

ADXUDICATARIO: MARTÍN, PRODUCCIONES Y EVENTOS, S.L.

IMPORTE: 4.400,75 €

EXPTE. 1507/335. CONTRATACIÓN SUBMINISTRO DE SERPENTINA PARA BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-05-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23167

ADXUDICATARIO: EXCLUSIVAS VARELA VIGO, S.L.

IMPORTE: 2.635,52 €

EXPTE. 1512/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE INTERCOMUNICACIÓN ORGANIZACIÓN BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-05-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23606
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 863,08 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**12(646).-PROCEDEMENTO SANCIONADOR POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA
CONTRA O ESTABLECEMENTO PUB CON MÚSICA DENOMINADO “NEMOMANÍA S.L.”
SITO NA RÚA ARENAL 20, BAIXO. EXPTE. 3299/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da asesora xurídica e instrutura dos expedientes sancionadores de medio ambiente, do 31.05.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Visto o expediente de referencia, resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 24 de marzo de 2005, entre as 01:35 e as 01:50 horas, na vivenda do denunciante, sita en Areal nº 20-2º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de “música”, sendo o foco emisor de ruidos o local denominado “Nemo”, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, superando en 10,06 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. Asemade, o parte de medición sinala que “no influyen en la medición otros locales próximos”.

No parte de servizo de data 24 de marzo de 2005, os axentes da policía local actuantes informan “...que la circulación y afluencia de gente en la vía pública en el momento de la medición era escasa y no influía en el resultado”.

2.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 25 de marzo de 2005, entre as 03:25 e as 03:40 horas, na vivenda da denunciante, sita en Areal nº 20-1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de “aparato reproductor de música”, sendo o foco emisor de ruidos o local denominado “Nemo”, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, superando en 14,6 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.

3.- Por dilixencia de data 05 de abril de 2005, o Técnico Supervisor de Medio ambiente remite o expediente administrativo nº 3299/306/2005 á Asesora Xurídica, que recibe o día 12 do mesmo mes, para proceder á incoación do procedemento sancionador por contaminación acústica.

4.- Con data 13 de abril de 2005, a asesora Xurídica solicita ó Técnico Supervisor diversos informes.

5.- Con rexistro de entrada de data 12 de abril de 2005, documento nº 50053235, a entidade “Nemomanía,S.L” solicita á realización dunha medición sonométrica de contraste no local NEMO.

6. - Con data 26 de abril de 2005, o Técnico Supervisor de Medio Ambiente solicita á oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo informe sobre se o establecemento denominado “NEMO” conta ou non con licenza de actividade e , de se-lo caso, informen sobre a identidade do titular de dito establecemento.

7.- Con data 26 de abril de 2005, rexistro de saída nº 5774, o Servizo de Medio Ambiente solicita ó denunciante, D. Germán Arteta Torres, autorización para a realización da medición de contraste, tal e como solicitara a entidade “Nemomanía, S.L”.

8.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 24 de abril de 2005, entre as 02:30 e as 02:45 horas, na vivenda do denunciante, sita en Areal nº 20-1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de “música”, sendo o foco emisor de ruidos o local denominado “Nemo”, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, superando en 18 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. No parte de servizo de data 24 de marzo de 2005, os axentes da policía local actuantes informan “...que el local más cercano denominado Torroso estaba cerrado”.

9.- A instancia de Don Germán Arteta Torres, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 24 de abril de 2005, entre as 02:15 e as 02:30 horas, na vivenda do denunciante, sita en Areal nº 20-2º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruidos de “música”, sendo o foco emisor de ruidos o local denominado “Nemo”, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, superando en 10,86 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.

10.- O Xefe da Oficina de Administrativa de Licenzas Municipais de Actividades e Instalacións, con data de 28 de abril de dous mil cinco, informou que “...con data 14/03/05 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de actividades e instalacións para pub con música (café bar con música sen pista de baile) a favor de Nemomanía, S.L (exp. 27190/422) “.

11.- A instancia de Dona Juana Nuño Blanco, a Policía Local realizou parte de medición sonométrica, con data 30 de abril de 2005, entre as 03:15 e as 03:40 horas, na vivenda da denunciante, sita en Areal nº 20-1º, no que se identificou a natureza da fonte dos ruídos de “música disco”, sendo o foco emisor de ruidos o local denominado “Nemo”, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, superando en 21 dB(A) o nivel máximo de ruidos permitido pola vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo. No parte de medición de ruidos os axentes actuantes manifestan que “...se oye nitidamente el murmullo de la gente así como la vibración del piso”.

12.- Por dilixencia de data 12 de maio de 2005, o Técnico Supervisor de Medio ambiente remite o expediente administrativo á Asesora Xurídica, que recibe o día 13 do mesmo mes, para proceder á incoación do procedemento sancionador por contaminación acústica.

13.- Con data 20 de maio de 2005, o Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, D.José Manuel Figueroa Vila, presentou escrito absteniéndose de intervir no procedemento administrativo nº 3299/306/2005, por estar incurso no motivo de abstención, apartado 2.b) do artigo 28 da LRPAC 30/1992.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Os feitos indicados constitúen cinco presuntas infraccións administrativas:

- As relativas ás medicións de datas 24/03/2005, 25/03/2005 e 24/04/2005 (realizada dende vivenda de D. Germán Arteta Torres), constitúen tres presuntas infraccións consistentes na superación en máis de 5 db(A) dos valores límite establecidos, tipificadas como GRAVES nos artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, publicada no BOP, nº 198, de 16 de outubro de 2000.
- As relativas ás medicións de datas 24/04/2005 e 30/04/2005, ambas realizadas dende vivenda de Dona Juana Nuño Blanco, constitúen dúas presuntas infraccións consistentes na superación en máis de 15 dB(A) dos valores límite establecidos, tipificadas como MOI GRAVES nos artigos 15.a) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.

2.- A infracción grave leva aparelada a sanción de multa de 1.502,54 euros a 9.015,18 euros, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses, segundo establecen os artigos 16.1.b) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 42.b) da Ordenanza municipal de ruidos e vibracións.

A infracción moi grave leva aparelada a sanción de multa de 9.015,19 euros a 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo superior a seis meses ou con carácter definitivo, segundo establecen os artigos 16.1.c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 42.c) da Ordenanza municipal de ruidos e vibracións

3.- Asemade, consonte ó artigo 131.3.a) da LRPAC 30/1992, de 26 de novembro, na determinación da sanción teranse en conta os seguintes criterios: a existencia de intencionalidade ou reiteración, a natureza dos prexuízos causados e a reincidencia por comisión por termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

4.- De conformidade co artigo 130 da LRPAC, das anteriores infraccións aparece como presunto responsable a entidade “Nemomanía, S.L”, titular da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de pub con música (café bar con música sen pista de baile- exp. 27190/422).

5.- Os artigos 20 da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 47 da Ordenanza municipal de ruidos e vibracións, dispoñen que “con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter preventivo o Concello poderá acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter preventivo, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou establecementos cando a produción de ruidos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave; ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumplido no prazo que ó efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na actuación infractora. Ditas medidas se adoptarán despois da audiencia á persoa interesada, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata”.

6.- O procedemento tramitarase de acordo co previsto para o exercicio da potestade sancionadora na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e no Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruidos e vibracións, publicado no BOP, nº 198, de 16 de outubro de 2000.

7.- A competencia sancionadora estaría atribuída o Sr. Concelleiro delegado de Medio Ambiente, en virtude de delegación de competencias, efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004, de acordo co disposto no art. 127.1.L) da LBRL 7/1985. No obstante, dita delegación queda sen efecto, ó haberse absterido de intervir no procedemento administrativo, nº 3299/306/2005, o Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, D.José Manuel Figueroa Vila, por estar incurso no motivo de abstención, apartado 2.b) do artigo 28 da LRPAC 30/1992. Así a competencia pertence á Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no art. 127.1.L) da LBRL 7/1985.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:*

PRIMEIRO.- INCOAR EXPEDIENTE SANCIONADOR contra a ENTIDADE “NEMOMANÍA, S.L”, titular da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de pub con música (café bar con música sen pista de baile-exp. 27190/422), no local sito na rúa Areal , nº 20- baixo pola posible comisión de tres infraccións graves e dúas moi graves en materia de protección contra a contaminación acústica, de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, que se tramitará baixo o expediente con número de referencia 3299/306/2005.

SEGUNDO.- Sen prexuízo do que resulte da instrucción, notificarlle os feitos imputados segundo a cualificación dos mesmos quedou detallada como “Infracción consistente na superación en máis de 5db(A) dos valores límite establecidos”, tipificada como GRAVE nos artigos 14.a) e da Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e como “Infracción consistente na superación en máis de 15 dB(A) dos valores límite establecidos”, tipificadas como MOI GRAVE nos artigos 15.a) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.

TERCEIRO.- Notificarlle que esta infracción pode levar aparelada a sanción de multa de 9.015,19 euros a 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por un espacio de tempo superior a seis meses ou con carácter definitivo, segundo establecen os artigos 16.1.c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 42.c) da Ordenanza municipal de ruidos e vibracións.

CUARTO.- Nomear instrutora a Dona Rosa Ana Garcinuño Barreiro, Asesora Xurídica do Laboratorio Municipal e de Medio Ambiente e, nomear secretaria a Dona Begoña Liboreiro Meira, auxiliar do servizo de medio ambiente, informándolle do réxime de recusación das citadas funcionarias, que é o establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

QUINTO.- Aceptar a abstención presentada polo Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, D.José Manuel Figueroa Vila, para intervir no procedemento administrativo nº 3299/306/2005, por estar incurso no motivo de abstención, apartado 2.b) do artigo 28 da LRPAC 30/1992. Deste xeito a competencia para resolve-lo expediente sancionador volvería ó órgano delegante que é á Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no art. 127.1.L) da LBRL 7/1985.

SEXTO.- Comunicarlle ó presunto responsable que pode recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, podendo, a partir dese momento, emitirse a correspondente resolución, coa imposición da sanción que proceda, segundo, os artigos 13.1.d) en relación co 8 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

SÉTIMO.- Ordenarlle a inmediata adopción das medidas correctoras precisas nun prazo de quince días hábiles, para impedir a superación nos niveis máximos de ruído permitidos na vixente ordenanza municipal, advertíndolle que, de conformidade co artigo 20 da Lei 7/1997 e 47 da Ordenanza Municipal, en caso de nova medición positiva que poña de manifesto a reiteración na superación do nivel máximo de ruído permitido na vixente ordenanza municipal, poderase ordenar a medida cautelar consistente na paralización da actividade, precinto de equipos ou calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia da actividade infractora.

OITAVO.- Indicarlle o seu dereito a formular alegacións no prazo de QUINCE DÍAS, contados a partires do seguinte ó da recepción da notificación do presente acordo, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse.

NOVENO.- Advertirlle que segundo o artigo 13.2 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, no suposto de non formular alegacións no prazo de quince días, contados a partires do seguinte ó da recepción da presente notificación, este acordo de incoación se considerará PROPOSTA DE RESOLUCIÓN cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO.- O presente acordo comunicaráselle á instractora, con traslado de tódalas actuacións practicadas, notificaráselle á Policía Local e ós interesados nos termos do artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE PUNTO Nº 12 ABSTENSE NA VOTACIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

13(647).- SOLICITUDE DA COFRADÍA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DE BOUZAS”, OS DÍAS 15 AO 19 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 71025/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 31.05.05, conformado pola Alcaldesa do Concello de Vigo, e polo concelleiro-delegado da Área, a Xunta de Goberno Local acorda:

AUTORIZAR á Cofraría do Stmo. Cristo dos Aflixidos, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das festas de Bouzas, durante os días 15 ao 19 de xullo de 2005, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa a copia da póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Bouzas.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estén expresamente autorizados.
- Tódos os días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e ata a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolos dous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 17 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.
- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 17 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoo a disposición da Policía Local para colaborar con estos en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estricto cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado: 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

14(648).-SOLICITUDE DE BURORED DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DUNHA CARPA NA PRAZA DO REI PARA UNHA EXPOSICIÓN EN RELACIÓN COA PESCA, OS DÍAS 12 AO 17 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 71045/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 02.06.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

AUTORIZAR a BURORED á ocupación da vía pública con motivo dunha exposición, na que se dará información sobre os produtos da pesca e será punto de encontro para todos os implicados no sector, enmarcada dentro do Plan Anual de Comunicación do FROM, (Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) para a que se instalará dunha carpa de 11,40 x 19,60 mts, na Praza do Rei, entre o 12 e o 17 de xullo do ano en curso, ambos os dous inclusive.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

15(649).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS NO ANO 2005. EXPTE. 71044/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico da xefa de Seguridade e Transportes, do 6.06.05, e de acordo co informe proposta do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado da Área, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2005, co contido que no mesmo proxecto figura.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidad do crédito e facer o aboamento do mesmo nos términos derivables da estipulación 9ª do convenio, por un importe de 119.100 euros, con cargo á partida 223.0.227.06.00 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

En Vigo a de 2005.

REUNIDOS:

Dunha parte:

Dª Corina Porro Martinez , alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003, e en representación deste, segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

D. José Luis Delgado San Miguel, presidente do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31 de xullo de 2003 do Presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

MANIF E STAN

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ó amparo do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se dictan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación da praia, servizo de vixancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, poñendo a disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano; os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nas praias, de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias de Samil, Illas Cíes, Vao, A Fonte, Canido, Argazada e Teis, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula novena do presente convenio).

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixancia das praias anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será este último.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española, acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude do presente convenio, realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ó que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos abertos para as ambulancias ata eles.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de praias será responsabilidade do Concello de Vigo .

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades firmantes, será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e comprométese a dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboarálle á Cruz Vermella Española a cantidade de 119.100 euros (cento dezanove mil cen euros) con cargo a partida nº 223.0.227.06.00, de programa de seguridade nas praias do orzamento vixente.

En canto ao pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo o abono de 39.700 euros, antes do día 15 de agosto o abono de 39.700 euros e o resto, 39.700 euros unha vez finalizado o servizo .

O pagamento realizarase previa presentación de nota de cargo por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Area de Seguridade.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que estará formada por parte do Concello de Vigo por:

O concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.

O xefe da Area de Seguridade.

Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.

O coordinador Xeral da Asemblea Comarcal.

O responsable do servizo de praias.

Ambas partes recoñecen a esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 15 de xuño de 2005 e estará vixente ata o día 15 de setembro de 2005.

DÉCIMO TERCEIRA: Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución do presente convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tivesen.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos extendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

Posto na praia de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo da praia de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/04 ata o 15/09/05.

- HORARIO:

Nos meses de xuño e setembro de luns a venres de 15.30 a 20.30 horas; fins de semana de 10.30 a 21.00 horas.

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 10.30 h. a 20.30 h; fins de semana e festivos de 10.30 h a 21.00 h.

Posto na Praia de Rodas nas Illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte da praia de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/05 ata o 15/09/05. Atención diaria dende o 01/07/05 ata o 31/08/05, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

-HORARIO: dende o primeiro barco Vigo - illas Cíes ata o último barco illas Cíes - Vigo.

Posto na praia do Vao

-LUGAR: situado na praia do Vao ao carón do acceso á illa de Toralla.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/05 ata o 15/09/05.

- HORARIO:

Nos meses de xuño e setembro, atención diaria de luns a venres en horario de 15.30 a 20.00 h.; fins de semana de 10.30 a 20.30 h.

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 10.30 h a 20.00 h; fins de semana e festivos de 10.30 a 20.30 h

Posto na praia da Fonte

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

-DATAS DE ATENCIÓN : do 15/06/05 ata o 15/09/05. Atención diaria dende o 01/07/05 ata o 31/08/05, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

-HORARIO: De luns a venres de 10.30 a 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10:30 a 20:30 horas.

Posto na praia de "A Punta" Teis

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/05 ata o 31/08/05

- HORARIO: durante os días laborables será diario con horario de 15.30 a 20.30 horas; sábados, domingos e festivos o horario será de 10.30 a 20.30 horas.

Posto na praia de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/05 ata o 31/08/05.

-HORARIO: de luns a venres de 10.30 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas ata as 20.30 horas.

Posto na Praia de Argazada (Samil 2)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Argazada

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/05 ata o 31/08/05

-HORARIO: de luns a venres de 10.30 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas a 20.30 horas.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto na praia de Samil

-MEDIOS HUMANOS: 4 voluntarios (socorristas)

1 conductor

1 D U E

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios, ambulancia e material sanitario .

Posto na praia de Rodas nas illas Cíes

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) Nos meses de xullo e agosto contarase cun médico.

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios, material sanitario e de primeiros auxilios e emisora de comunicación.

Posto na praia do Vao

-MEDIOS HUMANOS: 1 conductor-socorrista e 2 socorristas (voluntarios) .

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto na praia da Fonte

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto na praia de “A Punta” Teis

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto na praia de Canido

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios).
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto de Argazada (Samil 2)

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios).
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

16(650).-PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PARA A INTEGRACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO AFRICAN@. EXPTE. 71081/210

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7.06.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Informar favorablemente o Protocolo de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación para integración e desenvolvemento d@ African@ que ten como finalidade sentar as bases para a supresión da ocupación irregular do paseo de Samil por parte de postos de venda ambulante e unha posterior regularización da situación dos mesmos dentro da normativa vixente.

En Vigo a de 2005.

REUNIDOS:

Dunha parte:

Dª Corina Porro Martinez, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003, e en representación deste, segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

D. Ibrahima Niang, en representación da Asociación para Integración e Desenvolvemento d@ African@.

Os dous, de mutuo acordo,

MANIFESTAN:

Nos derradeiros anos produciuse unha proliferación moi importante no paseo de Samil de postos de venda ambulante, cos graves prexuizos derivados da ocupación que supón: entorpecemento de paso, ocupación de bancos, venda de produtos non autorizados, etc.

Como queira que se considera necesario realizar unha regulación da situación dada a proximidade da época estival, e tras as reunións celebradas, acórdanse as seguintes

ESTIPULACIÓNS:

- *Fíxase un espazo nas proximidades da praia de Samil, ao lado da caseta da Cruz Vermella, no cal se autorizará a realización de venda ambulante con carácter provisional, e exclusivamente durante o vindeiro verano, espazo que deberá acotarse e sinalizarse convenientemente por parte do Concello.*
- *O período en que se autorizará a ocupación solicitada será dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro.*
- *Pódese estudar unha posible prórroga por un período máximo de ata o 31 de decembro do presente ano.*
- *Nos vindeiros anos e tendo en conta a experiencia da instalación no citado lugar, estudarase a posibilidade de continuar no mesmo ou trasladar o espazo a un lugar alternativo, salvo que por razóns xustificadas non proceda a venda ambulante en Samil.*
- *En ningún caso se permitirá a venda ambulante no paseo da praia de Samil.*
- *Os postos serán segundo o deseño, material e cor que fixe o Concello.*
- *Habilitarase un espazo para carga e descarga, delimitándose o mesmo.*
- *A materialización do presente Protocolo realizarase de conformidade coa vixente lexislación en materia de venda ambulante.*

17(651).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.500 € A FAVOR DE SANCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA NA RÚA VENEZUELA Nº 78. EXPTE. 71046/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do 02.06.05, da xefa de Seguridade e Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 15 de febreiro de 2005 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L, con CIF B-36012540, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa VENEZUELA, 78, por non producirse danos.

18(652).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.500 € A FAVOR DE SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA NA RÚA PONTEVEDRA Nº 8. EXPTE. 71047/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do 02.06.05, da xefa de Seguridade e Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de marzo de 2005 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L, con CIF B-36012540, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PONTEVEDRA, 8, por non producirse danos.

19(653).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 470.307,98 € A FAVOR DA EMPRESA CESPAS.A.EN CONCEPTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ZONAS VERDES. EXPTE. 3122/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.06.05 e de acordo coa proposta do enxeñeiro de Montes, do 6.06.05, conformada polo concelleiro de legado de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

A Indemnización substitutiva das actuacións e do gasto e o recoñecemento da obriga a favor da empresa CESPAS por importe de 470.370,98 € con cargo á aplicación presupostaria que consta no documento contable RC nº 26324.

20(654).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 1.500,00 € A FAVOR DA EMPRESA MM. TRANSCAR S.L. EN CONCEPTO DANOS POR UTILIZACIÓN DO CAMIÑO DE SANÍN EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.. EXPTE. 3139/446.

Examinadas as actuacións do expediente de acordo co informe proposta do 03.06.05, do enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder a devolución de fianza a Transportes MM. TRANSCAR S.L. por importe de 1.500,00 € constituída para responder de posibles danos por utilización do Camiño de Sanín en San Andrés de Comesaña.

21(655).-EXPEDIENTE PARA RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL SITA NA PARTE TRASEIRA DA PARCELA PERTENCENTE AO EDIFICIO DA AVDA. DE BALAÍDOS Nº 63. EXPTE. 17125/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación do 11.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa da Área de Réxime Interior e polo titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Reximen Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de xaneiro de 2005. incoase expediente de recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal sita Avda. de Balaidos nº 63, pola sua ocupación D. José Fraiz Veitez coa construción dun peche sobre a propiedade municipal e obstrución da servidumbre de paso existente.

SEGUNDO.-Notificado o interesado o acordo incoatorio do expediente de recuperación posesoria en data 11 de febreiro do 2005, non consta a presentación de alegacións o procedemento no prazo que lle foi outorgado o efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular da parcela sita na parte traseira do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos, adquirida a Promociones Vicasin SL mediante escritura pública de 1 de decembro de 1995 autorizada polo Notario D. José Pedro Riol Lopez, e con destino a zona verde de uso público.

SEGUNDO.- Que según resulta dos informes obrantes no expediente, sobre la mesma levouse a cabo a construción dun peche con tela metálica e postes que invade en 0,50 metros a parcela municipal nunha lonxitude de 14 mts e prohibindo o paso a Avda. de Balaidos polo paxase existente.

Non tendose constancia de que se houbera outorgado autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que poidera lexitimar, no seu caso, as actuacións levadas a cabo, que en modo algún poden ampararse na licenza outorgada pola Xerencia de Urbanismo (informe da Oficina de Disciplina Urbanística da Xerencia de 18-06-2004), débese considerar que os feitos constatados da sua ocupación coa construción do peche e supresión do paso dende a Avda de Balaidos, resultan constitutivas dunha usurpación ou ilícita posesión do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa do patrimonio que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.

TERCEIRO.- Que consonte ó disposto no artigo 4 e 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Reximen Local, art. 28 da LPAAPP, art. 270 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 9 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

CUARTO.- Que así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAAPP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

O exercicio de acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito a límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, establecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.

QUINTO.- Resultando do expediente tramitado a ilícita ocupación da propiedade municipal, procede consecuentemente que polo órgano competente se adopte o acordo de recuperación de oficio, requiríndoselle o interesado para que proceda o seu desaloxo demoliendo o peche realizado e deixando libre o paso dende a Avda. de Balaidos, con apercibemento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC.

SEXTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL).

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.-Recuperar de oficio a posesión da propiedade municipal sita na parte traseira do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos desta cidade, ante a súa ocupación ilícita por D. José Fraiz Vieitez coa construción dun peche e obstrución da servidumbre de paso existente dende a Avda. de Balaidos.

2º.- Concederlle a D. José Fraiz Vieitez ó prazo dun mes a contar dende o día seguinte a notificación do presente acordo, para que procedan o derribo do peche deixando baleira a propiedade municipal de toda construción e libre a servidume de paso existente dende a Avda de Balaidos.

3º.-Apercibilrille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración a execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(656).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES FORESTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3058/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo enxeñeiro de Montes, o coordinador da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Parques e Xardín, do 15.03.05, para a contratación da prestación do servizo de mantemento de parques forestais do Concello de Vigo, o informe do titular da Asesoría Xurídica do 23.05.05, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 30.05.05 e de acordoc o

informe-proposta do xefe de negociado, do 03.05.05, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 279.951 euros/ano para o mantemento e conservación de Parques Forestais do concello de Vigo que se imputarán á partida 4326.210.00.01 do do presuposto do ano 2005 e sucesivos.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para o mantemento e conservación de Parques Forestais do concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

23(657).-ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FASE DO MURO E PECHER DO CEIP COUTADA BEADE. EXPTE. 6508/332.

Con data 18.04.05 a Xunta de Goberno local aproba o expediente de contratación das obras de construción da segunda fase do muro de contención e peche no CEIP Coutada Beade.

O titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local certifica o 14.05.05 que durante o prazo sinalado no oficio da oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentáronse ás seguintes propostas: 1) Oreco, 2) Viguesa de Pavimentos Canalizacións e Construcións (VIPACON), 3) Obras e Construcións Dios S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 9.05.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas ao Servizo de Educación para informe e proposta de adxudicación.

A aparelladora municipal adscrita ao Servizo de Educación, con data 30.05.05, emite informe no que fai constar que “propón para a execución da obra a Obras e Construcións Dios S.A., por un importe de 36.670,00 €”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa precedente proposta, acorda:

Adxudicar a execución das obras de construción da segunda fase do muro e peche do CEIP Coutada Beade a a Obras e Construcións Dios S.A., por un importe de 36.670,00 €, de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno local de 18.04.05.

24(658).-PRÓRROGA E MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO A TEMPERANS-ANIMALS S.L. EXPTE. 2596/306.

Seguidamente dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 27.04.05, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 acordou contratar con Temperans Animals, S.L. a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexeu a contratación establecíase a posibilidade de prorrogar o contrato no ano 2005.

O técnico supervisor de Medio Ambiente propón a prórroga do actual contrato, propondo como importe da prórroga do contrato a de 125.000 euros xa que se ampliaría o servizo tódolos días a partir do día 16.06.2005.

O gasto pode imputarse á partida 4533.227.01.00. do presuposto vixente

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo asinado con Temperans – Animals, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.07.2004.

Modificar o contrato no sentido de ampliar o servizo tódolos días a partir do día 16.06.2005.

O importe da prórroga e a modificación establecece en 125.000 euros, o gasto se imputará á partida 4533.227.01.00.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(659).-PROPOSTA PARA SELECCIONAR A MOVEX VIAL S.L COMO LICITADOR DENTRO DO PROCEDIMENTO RESTRINXIDO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DA PÉRGOLA DE JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 39422/250.

Con data 11.04.05 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación das obras de reconstrucción da pérgola de Jenaro de la Fuente, convocando o concurso restrinxido para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

O 20.05.05 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 84 e no BOP nº 88 de datas 3 e 9 de maio do presente ano presentouse a oferta: Movex Vial S.L.

A Mesa de Contratación en sesión realizada o 23.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada ao procedemento restrinxido, admitíndo a proposta e pasándoa ao servizo de Infraestructuras Xerais para informe, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras o 2.06.05.

Na sesión do 6.06.05 a

26(660).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS S.L. CONSTITUÍDA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 752/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Xuventude, do 24.05.05, o informe da interventora xeral, do 2.06.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 6.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Xoma Iniciativas Sociais S.L. a fianza por importe de 2.728,59 € constituída para responder da prestación do servizo de información xuvenil, executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

27(661).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) MANUEL PENA VIEITEZ. EXPTE. 109/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 26.05.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Manuel Pena Vieitez por danos no seu vehículo ao afundirse ao pasar por enriba dunha fochanca cuberta de auga e sen sinalizar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Manuel Pena Vietez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adjudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, , debendo dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 1.239,56€

b) MARCELINO GÓMEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 105/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 23.03.05, en relación coa reclamación de D. Marcelino Gómez Fernández por danos danos no seu vehículo que estaba estacionado ao impactar un recolector de lixo contra el como consecuencia do vento, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 28.04.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 30.05.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Don Marcelino Gómez Fernández, indemnizándolle na contía de 339, 92 €, correspondente ó valor de reparación do vehículo da súa propiedade.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos deo previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

c) ZURICH ESPAÑA (RICARDO JUNCAL CRESPO). EXPTE. 345/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 22.03.05, en relación coa reclamación de Zurich España, Cía de Seguros , S.A. en representación de D. Ricardo Juncal Crespo por danos causados ó seu vehículo, por mor dunha fochanca existente na calzada na rúa Barixada ao Castaño, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 30.05.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de Zurich España en representación de don Ricardo Juncal Crespo, e indemnizála na contía de 89,90 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos deo previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

d) JOSÉ LUIS CRUCES CENDÓN. EXPTE. 15580/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 22.03.05, en relación coa reclamación de D. José Luis Cruces Cendón por danos no seu vehículo a consecuencia dun socavón na avda. de Madrid, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 30.05.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de don José Luis Cruces Cendón, indemnizándolle na contía de 349,33 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos deo previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

28(662).-SUSPENSIÓN DE EMPREGO A FUNCIONARIO MUNICIPAL DA POLICÍA LOCAL EN CUMPRIMENTO DE SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – ROLLO PENAL 1/2005. EXPTE. 15805/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a sentenza nº 18/2005 da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección-Quinta, dáse conta do informe-proposta da xefa de Réxime Interior, do 6.06.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Por Sentenza núm. 18/05, da Sección Quinta da Audiencia Provincial, con sede en Vigo, de data 22 de abril de 2005, dictada no rollo penal núm. 1, decláranse responsables dun delicto de exacción ilegal do art. 437 do Código Penal, o funcionario municipal –axente da Policía Local- D. Mario Cabaleiro Vidal e outro, imponéndolles “a pena de 6 meses de multa a razón de 6€/día, con tres meses de arresto substitutorio en caso de insolvencia e suspensión de emprego ou cargo público de 6 meses para cada un dos acusados así como o pagamento das costas procesais”.

Dita Sentenza, segundo certificación da Secretaria Xudicial da Sección Quinta, expedida con data 27 de maio de 2005, e con entrada no Rexistro Xeral deste concello con data 1 de xuño seguinte, foi declarada FIRME.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

Primeiro.- De conformidade co disposto no art. 40-d) da Lei de Funcionarios Civís do Estado, aprobado por Decreto 315/64, de aplicación supletoria ós funcionarios da administración local (art. 2-3 da mesma) en concordancia co disposto no art. 57 da Lei Autonómica 4/1988, de Función Pública Galega, e o art. 140-e) do Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a suspensión de funcións pode ter carácter provisional ou firme, tendo o carácter de firme cando se impona en virtude de condena. O funcionario declarado en tal situación quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes a súa condición.

Segundo.- No ámbito penal o art. 43 do vixente Código Penal (Lei Orgánica 10/95) establece: “A suspensión de emprego ou cargo público priva do seu exercicio ó penado durante o tempo da condena”.

En consecuencia, sendo firme a Sentenza na que se impón a pena de suspensión de emprego ou cargo público non é necesaria a tramitación dun procedemento previo para a declaración da suspensión, senón que a resolución administrativa dítase en execución e cumprimento do fallo xudicial condenatorio.

Terceiro.- É competente para a adopción do acordo de suspensión, en execución da Sentencia, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127-h) da Lei reguladora das bases de réxime local, segundo redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a reforma do goberno local.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Declarar suspendido de emprego ó funcionario municipal –axente da Policía Local-, D. Mario Cabaleiro Vidal, núm. persoal 16001), polo prazo de 6 meses, en cumprimento da Sentenza 18/05, na Audiencia Provincial de Pontevedra –Sección Quinta, de Vigo-, rollo penal 1/2005, con efectos económicos dende a notificación do presente acordo.

2º.- O interesado, no prazo de 24 horas a contar dende a notificación do presente acordo, deberá facer entrega perante a xefatura da Policía Local, dos distintivos, placas e uniformes propios do seu posto, así como das armas regulamentarias que obrasen no seu poder.

3º.- En cumprimento do art. 36 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do concello de Vigo, o funcionario deberá reintegrar ás arcas municipais aqueles gastos de defensa e representación xurídica que eventualmente lle fosen concedidos ó aveiro do devandito artigo.

4º.- O presente acordo deberá notificarse, ademais do interesado, ó Sr. Xefe da Policía Local, Área de Mobilidade e Seguridade, Intervención Xeral, Comité de Persoal e Unidade de Persoal.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 19 do Decreto 204/2000, de 21 de xullo, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais, haberá de darse conta ó Rexistro de Policía Locais de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(663).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 31.05.05 DE ADSCRICIÓN DE D. LOIS CEA NOGUEIRA AO POSTO DE DIRECTOR VERBUM-ARQUIVO PACHECO. EXPTE. 14/338.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de Alcaldía de data 31.05.05 que di o seguinte:

Con data 2 de marzo de 2005, o concelleiro da área de Asuntos Sociais, remite escrito no que atendendo as necesidades existentes na súa área, cara a dinamización da actividade do Verbum-Casa das Palabras, fai proposta de creación do posto de Director, propoñendo así mesmo que se adscrita a dito posto a D. Xosé Lois Cea Nogueira, técnico de admón. especial deste Concello.

Con data 30 de maio de 2005, aprobouse pola Xunta de Goberno Local a Relación de postos de traballo, correspondente ó ano 2005, na que se inclue un posto de nova creación de Director Verbum-Arquivo Pacheco.

Vistas as competencias que a vixente lexislación de réxime local lle confiren á alcaldía-presidencia (artigo 124.1 da lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local, 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia, e 6 do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998),

Visto o artigo 36 da lei 14/00, de 29 de decembro, que modifica o artigo 20 da lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, onde se prevé expresamente a posibilidade de trasladar ós funcionarios por necesidades do

servicio a outras unidades ou departamentos respetando as súas retribucións e condicións esenciais de traballo, así como os art. 20.1 da lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública e 27.4 da lei 4/88 da Función Pública de Galicia, en concordancia co disposto nos artigos 58 e 59 do RD 364/95, de 10 de marzo.

Por isto, en uso das facultades que me confire o art. 21.1.h, da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local,

R E S O L V O

Primeiro.- Cesar no posto de Coordinador Servizo Benestar Social, cód. 60, ao técnico de admón. especial D. Xosé Lois Cea Nogueira (núm. persoal 21150), ao que se atopa provisoriamente adscrito, adscribíndoo ó posto Director Verbum-Arquivo Pachego, cod. 42, no servizo de Cultura-cód. 330, con efectos de 1 de xuño de 2005.

Segundo.- Dése traslado desta resolución ó interesado, ós Concelleiros das áreas afectadas, á Unidade de persoal, á Intervención Xeral, así como ao Comité de persoal, así mesmo dese conta á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebre.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a Alcaldía Presidencia no prazo dun mes, a contar dende a súa recepción, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende a citada data.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da devandita resolución.

30(664).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 1.06.05 DE DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO Á FUNCIONARIA D^a MARÍA GÓMEZ JANEIRO ADSCRIBÍNDOLA AO POSTO DE COORDINADORA DO SEVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 15652/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de Alcaldía de data 01.06.05 que di o seguinte:

A medio de instancia de data 7 de marzo de 2005, nº de rexistro xeral deste Concello 50023074, D^a María Gómez Janeiro, funcionaria integrada na Escala de Administración Especial; Subescala, Técnica; Clase, Superior deste Concello, en situación de servizo en outras administracións públicas, solicita o reingreso ao servizo activo neste Concello.

Con data 31 de maio do presente ano, produciuse a vacante do posto de coordinador do Servizo de Benestar Social, para o que a interesada reúne os requisitos para o seu desempeño.

Por iso, en uso das facultades que me confiere o art. 21.1.h, de la Lei 57/2003, de medidas para a modernización do Goberno Local,

R E S O L V O

Primeiro.- Declarar en situación de servizo activo á funcionaria da Excm. Corporación Municipal e categoría de técnico de Administración Especial D^a María Gómez Janeiro, con efectos do día 13 de xuño de 2005.

Segundo.- Adscribir á Sra. Gómez Janeiro ao posto de coordinador Servizo de Benestar Social, cod. 60, no Servizo de Benestar Social, cod. 301.

Tercero.- Solicítese ao Ministerio de Administración Pública a formalización de cese do posto de traballo que ocupa nesa Administración.

Dese traslado da presente resolución á interesada, Intervención Xeral, Concelleiro de área, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, Comité de Persoal. Así mesmo dese conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da resolución

31(665).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DUNHA OFICIAL SEPULTUREIRA POLO PERÍODO DE 3 MESES POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 15806/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización de Persoal, do 03.06.05, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 9 de maio de 2005, o xefe do sector de Acción Social, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais, solicitou a contratación dun/dunha oficial sepultureiro/a, por un periodo de 4 meses, para garanti-lo disfrute do periodo vacacional dos traballadores do servizo e poder atende-los soterramentos dos oito cemiterios municipais, agravado todo isto pola existencia dunha baixa permanente por estar liberado sindical o seu titular, ás horas sindicais que habitualmente disfruta outro oficial do Servizo e, á aplicación da xornada reducida de verán, que ós traballadores deste servizo non pode disfrutar e que xenera compensación de horas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9 .2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego publico, mediante convocatoria publica e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha reglamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refíren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público. Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95.

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral sexa con carácter xeral o concurso, agás nos casos de urxencia.

Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente o ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), preveíase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a través dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

En consecuencia co exposto, os seguintes aspirantes da referida lista resultarían ser D^a Noemi Yolanda Vieitez Oitabén e D. Ramón Pereira Porto. A primeira delas foi nomeada interinamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2004 e o segundo reixeiitou expresamente a oferta de contratación mediante escrito de data 1 de xuño actual. En consecuencia a aspirante proposta resultaría ser D^a. M^a. CONCEPCION COUSIÑO SENDIN, NIF 36.094.387-G, a cal aceptou expresamente mediante escrito de data 01 de xuño actual, unha eventual contratación temporal por acumulación de tarefas, para cubri-lo período vacacional do persoal do servizo.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses.

Enténdese, por outra banda, amparada esta contratación ó abeiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 2/2004, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria coma a que nos ocupa.

Por todo iso, e visto o escrito da Intervención Xeral no que informa que existe consignación suficiente para facer fronte ó presente gasto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte acordo:

"Primeiro.-Contratar a D^a. M^a. CONCEPCION COUSIÑO SENDIN, NIF 36.094.387-G - como Oficial Sepultureira, por un período de catro meses (16 de xuño de 2005 ata o 15 de outubro de 2005), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro.

Segundo.- Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extra e vacacións do posto de traballo 205 –Oficial Sepultureiro/a”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(666).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DE 3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE 3 MESES, PARA DIFERENTES SERVICIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 15818/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe xurídico do 07.06.05 e o informe proposta da xefa de Seguridade e Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Antecedentes.

Con data 27 de abril de 2005, a xefe da área de acción social puxo en coñecemento da Unidade de Persoal a necesidade de reforzar o Servizo de Benestar Social, coa adscrición, entre outros de dous auxiliares administrativos e persoal subalterno, xa que na actualidade, o número de baixas por I.L.T, o disfrute das vacacións regulamentarias e a inmediata aplicación das xornada reducida de verán, repercutirían na atención o público e na prestación deste obrigado servizo público.

Así mesmo, o xefe do Rexistro Xeral, en data 27 de maio de 2005, solicita a adscrición doutro auxiliar administrativo, pola implantación neste Concello do Eido Local, por mor da sinatura do Convenio coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia, para a recepción, rexistro e remisión de documentación presentada neste Concello con destino a Xunta de Galicia, o cal entrou en funcionamento o 10 de maio anterior, o que orixina no Servizo un gran aumento da documentación e carga de traballo sobre a xa existente.

O Concelleiro-delegado de asuntos sociais solicitou en reiteradas ocasións a adscrición de persoal administrativo para o seu departamento –en concreto Cultura-, para poder atender ós traballos acumulados no referido servizo e reforzar deste xeito o persoal adscrito o servizo de Bibliotecas, Museo Quiñones de León, Museo Verbum-Casa das Palabras e Arquivo Pacheco.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, o igual que as listas de persoal auxiliar de carácter temporal realizadas ata a data.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio, da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, a lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada esta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica de tres auxiliares administrativos/as, para que sexan remitidos trinta candidatos/as que responden ás seguintes características:

Titulación esixida: Graduado Escolar, FP-1 rama administrativa ou equivalente, sendo indispensable, posuir coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, un administrativo ou auxiliar de administración xeral do concello, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico/a en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña tres candidatos/as, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office), que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás tres candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(667).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2005. EXPTE. 15823/220.

Antecedentes

I.- Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta co técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 7.06.05, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación municipal, na sesión do 28 de febrero de 2005, aprobou os orzamentos e o cadro de persoal deste Concello e dos seus organismos autónomos para o presente exercicio económico, consonte o disposto polo art. 123.1 h) da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/03.

SEGUNDO.- Unha vez aprobados os orzamentos, e segundo o disposto no art. 127.1 h) da citada Lei 7/85, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2005, aprobou a relación de postos de traballo (en adiante RPT) e as retribucións do persoal para o ano 2005.

TERCEIRO.- RPT e cadro de persoal son dous instrumentos xurídicos distintos, aunque íntimamente vinculados entre sí. A RPT é o instrumento de ordenación do personal, mentras que o cadro de persoal constitúe a cobertura orzamentaria daquela. Sólo a través da RPT pódense crear, modificar... os postos de traballo. Pero a

RPT está condicionada na súa virtualidade ó cadro de persoal aprobado polo Pleno. Tódolos postos do cadro han de estar contidos na RPT; mentras que o cadro de persoal non ten que conter necesariamente tódolos postos da RPT, senón únicamente aqueles que o Pleno considere oportunos con arreglo ós principios de racionalidade, economía e eficiencia.

En calquera caso, a aprobación do cadro de personal e a RPT constitúen requisitos ineludibles para aprobación da oferta de emprego público (en adiante, O.E.P), en canto ésta é definida na lexislación básica do Estado como “as necesidades de recursos humanos con dotación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes” (art. 18.4 Ley 30/84), a apreciación das cales corresponde a Xunta de Goberno local (art. 127.1 h. da Ley 7/85) previa negociación cos representantes do Persoal (art. 32 Lei 9/87).

CUARTO.- En canto instrumento básico de selección do persoal, a O.E.P. responde ós principios legais de anualidade e publicidade, e restricción dos sistemas selectivos ós de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garanticen en calquera caso os principios constitucionais de igualdade de oportunidades, mérito e capacidade (art. 19.1 da lei 30/84; art. 91 da Ley 7/85), non podendo nomearse persoal interino para prazas que non se inclúan na O.E.P., salvo cando se trate de vacantes realmente producidas logo da súa aprobación (art. 128 R.D.L. 781/86).

QUINTO.- A obrigaçión de respetar a lexislación básica do Estado trae a colación un novo límite na aprobación da O.E.P., establecido sistemáticamente nas sucesivas leis orzamentarias do Estado. A saber, o de respetar na selección de persoal de novo ingreso as eventuais taxas de reposición que se teñan fixado respecto do persoal de cadro do exercicio inmediato anterior (art. 90.1 da lei 7/85; art. 126 do RDL 781/86).

Nembargantes, a Ley 2/04, de Orzamentos Xerais para o exercicio 2005 establece no seu art. 20 a posibilidade de chegar o cen por cen da taxa de reposición, concedendo igualmente liberdade de criterio para a súa distribución en función das necesidades dos servizos.

O precepto legal últimamente citado tamén establece a obriga de, dentro do límite de reposición máximo do cen por cen, incluír na O.E.P. as prazas desempeñadas por personal interino, excepto aqueles postos sobre os que exista una reserva de posto ou estén incursos en procesos de provisión.

SEXTO.- En canto o contido concreto da presente proposta de O.E.P. para o exercicio 2005, e preciso ter en conta os seguintes extremos:

1º.- A derradeira O.E.P. aprobada e executada no concello de Vigo foi a correspondente o exercicio 2002.

2º.- No exercicio económico 2003 existe un orzamento novo, pero non se aproba a O.E.P correspondente.

3º.- No exercicio 2004 o concello de Vigo contou cun orzamento prorrogado.

4º.- Estes avatares políticos teñen incidido moi negativamente na política de recursos humanos, a necesidade dos cales non se deteñen nin por éstas nin por calesquera outras circunstancias, máxime nun concello como o de Vigo, no que a prestación de servizos a poboación máis grande de Galicia depende en maior medida do capital humano.

SÉTIMO.- No cadro de persoal aprobado definitivamente polo Pleno en sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2005, existen un total de 1374 postos de traballo, dos que na actualidade 143 se atopan vacantes, 34

deles ocupados interinamente, estando todos os postos igualmente contemplados na RPT aprobada pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2005.

OITAVO.- A presente proposta de O.E.P. foi obxecto de negociación cos órganos de representación de persoal, segundo se recolle nas actas de 22 de abril e 31 de maio de 2005, que se achegan a presente proposta.

NOVENO.- En canto ás prazas reservadas o turno libre, son as que segundo os criterios contemplados na Lei de orzamentos Xerais do Estado, considéranse prioritarias polas necesidades dos respectivos servicios e funcións.

DÉCIMO.- En canto ás prazas reservadas o turno da promoción interna, responde o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación, segundo costa na acta de data 22 de abril e 31 de maio de 2005.

DECIMO-PRIMEIRO.- Na presente proposta reserváse tanto na quenda libre como na da promoción interna, o porcentaxe mínimo do 5% dos postos ofertados para a quenda de persoas con discapacidade, segundo disposto no R.D. 2271/04.

Por isto, e como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o técnico de organización adscrito á Unidade de Persoal que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

" Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2005, integrada polas seguintes prazas vacantes:

1.- CONCELLO DE VIGO

a) Persoal funcionario.

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|-------------|-------------------------------|-------|-----------------|-----------------|---------------------|------------------------------|
| 5 | Técnico Admón. Xeral | A | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 21 | Administrativo de Admón Xeral | C | Admón. Xeral | Administrativa | ----- | 4 Libre e 17 Promoc. Interna |
| 14 | Auxiliar de Admón. Xeral | D | Admón. Xeral | Auxiliar | ----- | Libre |
| 7 | Subalternos | E | Admón. Especial | Subalterna | ----- | Libre |
| 2 | Alguacís | E | Admón. Especial | Serv. Especiais | Cometidos Especiais | Promoc. interna |
| 1 | Licenciado en Dereito | A | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda |

| <i>Vacantes</i> | | | | | | <i>Acceso</i> |
|-----------------|--|--------------|------------------------|------------------------|----------------------------|---------------------------|
| 1 | <i>Enxeñeiro Industrial</i> | <i>A</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Superior</i> | <i>Libre</i> |
| 1 | <i>Analista Laboratorio</i> | <i>A</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Superior</i> | <i>Libre</i> |
| 1 | <i>Economista</i> | <i>A</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Superior</i> | <i>Libre</i> |
| 1 | <i>Arqueólogo</i> | <i>A</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Superior</i> | <i>Libre</i> |
| 7 | <i>Diplomado en Traballo Social</i> | <i>B</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Media</i> | <i>Libre</i> |
| 2 | <i>Delineante</i> | <i>C</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Auxiliar</i> | <i>Promoc. interna</i> |
| 2 | <i>Programador Informática</i> | <i>C</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Cometidos Especiais</i> | <i>1 Libre 1 P.Int.</i> |
| 1 | <i>Técnico Auxiliar Laboratorio</i> | <i>C</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Técnica</i> | <i>Auxiliar</i> | <i>Promoc. interna</i> |
| 1 | <i>Inspector Auxiliar Sanidade</i> | <i>D</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Cometidos Especiais</i> | <i>Libre</i> |
| 1 | <i>Inspector Consumo</i> | <i>D</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Cometidos Especiais</i> | <i>Promoc. interna</i> |
| 2 | <i>Inspector Auxiliar Control Concesionarias</i> | <i>D</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Cometidos Especiais</i> | <i>Promoc. interna</i> |
| 1 | <i>Inspector Policía Local</i> | <i>A</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Policía Local</i> | <i>Promoc. interna</i> |
| 4 | <i>Sarxento Policía Local</i> | <i>C</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Policía Local</i> | <i>1 Libre 3 Prom.Int</i> |
| 17 | <i>Cabo Policía Local</i> | <i>D</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Policía Local</i> | <i>2 Libre 15 P.Int</i> |
| 26 | <i>Garda da Policía Local</i> | <i>D</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Policía Local</i> | <i>Libre</i> |
| 4 | <i>Suboficial Bombeiros</i> | <i>C</i> | <i>Admón. Especial</i> | <i>Serv. Especiais</i> | <i>Extinción Incendios</i> | <i>Prom. Interna</i> |
| <i>Nº</i> | <i>Denominación</i> | <i>Grupo</i> | <i>Escala</i> | <i>Subescala</i> | <i>Clase</i> | <i>Tanda</i> |

| Vacantes | | | | | | Acceso |
|----------|--------------------|---|-----------------|-----------------|---------------------|---------------|
| 4 | Cabo Bombeiros | D | Admón. Especial | Serv. Especiais | Extinción Incendios | Prom. Interna |
| 4 | Bombeiro | D | Admón. Especial | Serv. Especiais | Extinción Incendios | Libre |
| 1 | Conductor-Bombeiro | D | Admón. Especial | Serv. Especiais | Extinción Incendios | Libre |

b) *Persoal laboral.*

Número de prazas: 25; Denominación: Oficial de oficios; Nivel de titulación: Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente. (2 Oficial Electricista –reservadas para promoción Interna-; 5 Oficial Conductor –tres tanda libre e duas promoción interna-; 7 Oficiais Xardiñeiro –reservadas para promoción interna-; 2 Oficial Carpinteiro –unha tanda libre e unha promoción Interna- , 2 Oficial Albanel –reservadas para promoción interna-, 1 Oficial Sepultureiro –tanda libre-, 2 Oficial fontaneiro - unha tanda libre e unha promoción Interna-, 1 Oficial Pintor –reservada para promoción interna, 1 Oficial Limpeza –reservada para promoción interna-, 1 Oficial Laceiro –reservada para promoción interna- e, 1 Oficial Almaceneiro –reservada para promoción interna-).

Número de prazas: 11; Axudante de oficios; Nivel de titulación: certificado de escolaridade ou equivalente –9 tanda libre e 2 promoción interna-.

Número de prazas: 3; Operario-Peón; Nivel de titulación: certificado de escolaridade ou equivalente –turno libre-.

2.- Reservar para discapitados as seguintes prazas:

- Unha praza de Técnico de Administración Xeral.
- Dúas prazas de Administrativo, unha das ofertadas pola tanda libre e outra da tanda de promoción interna.
- Dúas prazas de Auxiliar de administración xeral.
- Unha praza de Axudante de Oficios, das ofertadas pola tanda libre.
- Unha praza de Operario-peón.

3.- Queda pendente a oferta de emprego público dos organismos autónomos municipais Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios, Instituto Municipal dos Deportes e Xerencia Municipal de Urbanismo, en tanto non sexan efectuadas polos seus órganos rectores as correspondentes propostas.“

II.- Con data 13.06.04 a Excma. Alcaldesa formula a seguinte emenda:

Examinadas as actuacións que obras no expediente que contén a proposta do técnico de Organización adscrito á Unidade de Persoal, relativa á aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, e en aplicación da Lei 53/2003, de 10 de decembro e o RD 2271/2004, de 3 de decembro, polos que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, a Xunta de Goberno

local acorda modifica-la referida proposta acordando reservar para persoas con discapacidade as seguintes prazas:

- Unha praza de administrativo de Administrativo de Administración Xeral, das reservadas pola tanda de promoción interna.
- Dúas prazas de auxiliar de Administración Xeral.
- Dúas prazas de subalerno, que serán reservadas para persoas con discapacidade psíquica.
- Unha praza de axudante de oficios, das ofertadas pola tanda libre.
- Unha praza de operario-peón.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no informe do técnico de Organización adscrito á Unidade de Persoal, do 7.06.05, coa emenda que formula a Excma. Alcaldesa, condicionada esta ao informe favorable do Comité de Persoal do Concello.

34(668).-PROPOSTA PARA A SUBSCRICIÓN ÁS BASES DE DATOS “PRÁCTICO ADMINISTRACIÓN LOCAL” E “1 USUARIO ADICIONAL” CON EDITORIAL ARANZADI S.A. EXPTE. 81/550.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, do 1.06.05, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por ser de interese para os servizos xurídicos deste Concello, rogo a Vd. autorice a suscripción ás bases de datos que se detallan a continuación, con Editorial Aranzadi, S.A. (A-81.962.201).

O importe do servizo ascende a 897,84 €, segundo o seguinte detalle:

| <i>PRODUCTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IVE</i> | <i>PREZO + IVE</i> |
|--------------------------------------|--------------|------------|--------------------|
| <i>PRACTICO ADMINISTRACIÓN LOCAL</i> | <i>686 €</i> | <i>16%</i> | <i>795,76 €</i> |
| <i>1 USUARIO ADICIONAL</i> | <i>88 €</i> | <i>16%</i> | <i>102,08 €</i> |
| <i>TOTAL</i> | | | <i>897,84 €</i> |

Dito importe imputarase á partida 1210.2200100.

Á vista do informe que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Autorizar a suscripción por dous anos prorrogables por outros dous ás bases de datos “Práctico Administración Local” e “1 Usuario Adicional”; con EDITORIAL ARANZADI, S.A., C.I.F. A-81.962.201), por importe de 897,84 € para o ano 2.005; importe que se revisará anualmente en función do IPC.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(669).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSÉ CARLOS MEDINA LÓPEZ CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. DESESTIMADO. EXPTE. 4596/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral, de 23.05.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En sesión do 20.12.2004, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación (PC) do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indicaban, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas, entre elas, unha de Dª Mª Asunción, Dª Antonia e Dª Mª Josefa Vicente del Pazo, propietarias da parcela orixinal nº 22.

I.2. O 11.04.2005 (06.04.2005 no RGD) tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (nº doc. 50050005) un escrito presentado por D. José Carlos Medina López, que actúa en representación desa propiedade, mediante a que formula RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra o acordo da XGL do 20.12.2004 aprobatorio do PC, que lles fora notificado ás interesadas o 07.03.2005, agás a Dª Mª Asunción Vicente del Pazo (10.03.2005).

I.3. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e por oficio de data 19.04.2005, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente; o que así fixo mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 23.05.2005 (nº doc. 50120072).

I.4. O 26.04.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).

- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo da XGL do 20.12.2004, polo que se aprobou definitivamente o PC do polígono único do PERI II-05 «ROCIO» do PXOU-93 de Vigo, nas condicións que no mesmo se indicaban.

III.2. Na súa substanciación cumpríuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.3. Ningún dos motivos deste recurso poden ser acollidos e este debe expresamente desestimarse con base nos argumentos que a seguir se indican:

- Graves vicios no procedemento realizado polo órgano rector da XC, causante de absoluta indefensión.

A teor dos datos e actuacións que obran nos expedientes, non se aprecia a existencia de indefensión material determinante de nulidade ou anulabilidade das actuacións. En efecto:

- a) O recorrente admite ter coñecido o contido do informe-resposta ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do PC, que foi lido integramente pola letrada da XC na Asemblea Xeral extraordinaria do 12.11.2004, aínda que critica a súa «veloz lectura»; incorrección que -de existir- puido, se cadra, ser remediada no acto e da que, por outra parte, nada se fixo constar en Acta.
- b) O contido do tal informe referido á súa alegación é breve (a penas 20 liñas), conciso e non ofrece especiais dificultades de comprensión: estímase parcialmente no sentido de correxir á alza a valoración dos elementos indemnizables da parcela nº 22 (de 29.426,25 € a 35.131,95 €) e desestimáse a pretensión de que a XC lle aboase os honorarios do perito contratado pola parte para xustificar a súa valoración.
- c) Manifesta ter recibido da XMU copia dese informe-resposta o 02.02.2005 logo de frustrados intentos no mesmo sentido perante a XC. Á marxe da maior ou menor dilixencia da XC en cumprimentar o solicitado, o certo é que tal informe constaba no exp. nº 4520/401 da XMU desde o 22.11.2004 e o representante da propiedade non o solicitou deste organismo ata o 23.12.2004.

En calquera caso, importa salientar que todas as discrepancias en relación con el puideron ser alegadas agora no escrito de recurso de reposición coa amplitude desexada e sen ningún tipo de limitación ó seu dereito, con plena observancia dos principios de contradicción procedimental e igualdade das partes. Sen embargo, o recorrente optou libremente por limitarse a denunciar a conducta omisiva da XC sen argumentar minimamente a súa relevancia material, o que -unido á posibilidade de impugnar o contido do informe-resposta en vía de recurso- descarta a existencia de indefensión real e efectiva para a parte.

- *Oposición á valoración dos elementos indemnizables da parcela orixinal nº 22 do PC.*

Neste punto, amosa o seu desacordo coa valoración aprobada e expresa a súas dúbidas sobre a solvencia e obxectividade dos informes técnicos municipais e sobre o contido do informe-resposta da XC, dubidando tamén da súa solvencia, obxectividade e imparcialidade.

Tampouco este motivo de recurso pode ser atendido:

- a) *No documento do PC aprobado pola XC e polo Concello figura un anexo de taxacións (Anexo nº 1: «Tasación de los derechos, edificaciones, construcciones o plantaciones que deben extinguirse o destruirse para la ejecución del Plan») asinado polo arquitecto-técnico D. Rafael Docampo Fernández o 08.11.2004 e visado polo COAAT de Pontevedra o 18.11.2004, no que se efectúa unha nova taxación daquelas propiedades cuxa valoración -feita, por encargo da XC, pola mercantil Tasaciones y Valoraciones de Galicia, S.A.; «Tasa Galicia», en marzo de 2004- foi cuestionada por algúns propietarios no trámite de información pública do PC.*

Trátase, por tanto, dun informe redactado -sobre a base dunha valoración previa- por técnico competente e (en contra do afirmado no recurso) visado polo correspondente colexio profesional. Nel especificáanse con detalle os criterios de valoración utilizados e inclúe unha ficha individualizada de cada unha daquelas propiedades, con expresión de datos tales como situación, lindeiros, superficies e valoracións unitarias.

O feito de que o perito da XC tivese examinado ou non «in situ» os predios obxecto da nova valoración carece de relevancia. En primeiro lugar, porque todos os datos necesarios para realizala figuraban xa na documentación elaborada por «Tasa Galicia» (fotografías, planos de situación e de planta, títulos de propiedade, datos rexistrais e catastrais, superficies construídas e útiles, etc.); datos que, debidamente interpretados por técnico competente, poden perfectamente suplir á propia realidade (vid. neste sentido, STS 14.01.1998, Ar. 561).

E, en segundo lugar, porque o recorrente nin cuestiona a veracidade dos datos utilizados na valoración aprobada para a parcela orixinal nº 22 (o que demostraría a innecesiedade da comprobación «in situ») nin contradice a idoneidade dos criterios técnicos de valoración aplicados, limitándose simplemente neste punto a reiterar a procedencia da valoración do técnico designado pola parte, máis favorable ós seus intereses.

- b) *O Arquitecto-técnico municipal da Oficina de Planeamento-xestión, á vista do valoración pericial achegada pola parte, por un lado, e a subsrita polo arquitecto-técnico da XC, por outro, confirmou, en informe do 29.11.2004 (pp. 186-190; exp. nº 4520/401), a corrección das valoracións que figuraban nese Anexo 1 e, entre elas, a da parcela nº 22, considerándoa axustada ós valores reais de mercado.*

O sometemento da Administración pública ó principio de legalidade fai que ese informe técnico municipal goce da presunción de acerto, veracidade, obxectividade e imparcialidade, segundo reiterada xurisprudencia do TS (STS 14.01.1998, Ar. 561; STS 25.07.2003, Ar. RJ 5515; STS 03.04.2003, Ar. RJ 2947, entre outras); presunción que, por contra, non alcanza ó informe pericial de parte.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte, ACORDO...

Conclúe o informe formulando a proposta que se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso potestativo de reposición interposto por D. José Carlos Medina López, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.12.2004 polo que se aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación do PERI II-05 ROCIO.

2º.- Notificar o acordo ao recorrente e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

36(670).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. RAIMUNDO IGLESIAS PÉREZ E OUTROS CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. DESESTIMADO. EXPTE. 4597/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral, de 23.05.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Na Asemblea Xeral extraordinaria da Xunta de Compensación (XC) do PERI II-05 «ROCIO», realizada o 12.11.2004, aprobouse, no punto núm. 2 da Orde do día, o informe-contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do Proxecto de Compensación (PC) e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.2. En sesión do 20.12.2004, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar definitivamente o PC do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indicaban, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas, entre elas, unha de D. Raimundo Iglesias Pérez e demais interesados.

I.3. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) o 07.04.2005 (nº doc. 50041158), D. Raimundo Iglesias Pérez, Dª Filomena Vergara Viéitez, D. Leopoldo Iglesias Vergara, Dª Matilde Dono Rama, D. Benito Iglesias Vergara e Dª Sara Gayoso Melón formulan RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra o acordo da XGL do 20.12.2004 aprobatorio do PC, que lles fora notificado o 07.03.2005.

I.4. As deficiencias do escrito de recurso, relacionadas na notificación que lles foi practicada ós interesados, subsanáronse mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 16.05.2005, co núm de documento 50117353 (Correos: 06.05.2005).

I.5. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e por oficio de data 19.04.2005, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente; o que así fixo mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 23.05.2005 (nº doc. 50120072).

I.6. O 26.04.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo da XGL do 20.12.2004, polo que se aprobou definitivamente o PC do polígono único do PERI II-05 «ROCIO» do PXOU-93 de Vigo, nas condicións que no mesmo se indicaban.

III.2. Na súa substanciación cumpríuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.3. Os argumentos contidos neste escrito de recurso constitúen -en parte- repetición dos que figuraban na alegación presentada polos interesados durante o periodo de información pública do PC (Rexistro xeral XMU 04.06.2004; nº doc. 40058401); alegación que xa foi expresamente resolta, con estimación parcial, no acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución obxecto de recurso.

Os recorrentes reiteran os argumentos utilizados en relación con todas aquelas cuestións sobre as que manteñen discrepancias co acordado pola XGL ou ben que consideran non adecuadamente resoltas, solicitando a suspensión da execución do acto impugnado (Art. 111 LRX-PAC).

III.4. Ningún dos motivos deste recurso poden ser acollidos e este debe expresamente desestimarse con base en argumentos semellantes ós que no seu momento utilizamos para responder a alegación antes referida e con apoio no informe de data 11.05.2005 da letrada e o arquitecto da XC ós recursos de reposición; informe aprobado en Asemblea xeral da XC do 20.05.2005 e incorporado ó presente expediente, cuxos fundamentos compártense no esencial e ó que -como complemento do presente- nos remitimos

En todo caso, pola súa directa relación co interese público cuxa defensa ten encomendada esta Administración, sí resultaría oportuno indicar o seguinte:

- 1) Sobre a suposta "ilegal privación del derecho de voto que han sufrido los dicentes a lo largo de la tramitación del expediente", cabe decir que a posibilidade de privar do dereito de voto ós propietarios morosos está expresamente establecida no Art. 29.4 dos Estatutos da XC; Estatutos que foron integramente aceptados polos recorrentes en escritura pública de constitución da XC autorizada polo notario de Vigo, Sr. Rueda Pérez, o 10.02.2003, co nº 258 do seu protocolo. E conforme a esa previsión estatutaria, firme e consentida polos recorrentes, o Consello Rector da XC adoptou validamente o acordo de suspender do exercicio do dereito de voto ós propietarios morosos en tanto permanecesen nesa situación.

Como acertadamente se manifesta na STS de Xustiza de Castilla-La Mancha nº 189/2000, do 16.02.2000, diante dunha tal previsión estatutaria, esta opera como auténtica «carta orgánica» ou «dereito vivo» da XC; é dicir, ese precepto formaría parte dunha norma, obxectiva e publicada, que se impón á vontade dos particulares que quedan suxeitos ó seu imperio, sin que -como indica o Tribunal de Xustiza de Castilla-La Mancha- resulte de aplicación a doutrina do TS (á que parecen referirse os interesados) contida en sentencias tales como a STS 14.12.1989 e a STS 16.05.1990, xa que neses supostos non existía a referida previsión estatutaria habilitante da privación do dereito de voto.

- 2) O Concello de Vigo alleou mediante permuta (de cousa futura) o 10% do aproveitamento urbanístico do que era titular neste Polígono por disposición da lei (Art. 14.2.c] LRSV e Arts. 18.b] e 20.1.c] LOUGA). Así resulta dos acordos adoptados polo Consello de Xerencia da XMU do 07.02.2002 e polo Pleno da Corporación do 25.02.2002 (que resultaron firmes) e da escritura pública de permuta autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, do 21.05.2002, co núm. 1113 do seu protocolo.

No expediente administrativo municipal tramitado ó efecto (exp. nº 4225/401) quedou acreditada a utilización deste procedemento excepcional de alleamento dos bens do PMS e da concreta modalidade de «permuta de cousa futura» (Arts. 1271.1 e 1538 CC), a concurrencia dos supostos fácticos que o lexitimaban; entre eles, a xustificación da súa necesidade para o interese público, a correcta utilización dos bens integrantes do PMS conforme á normativa aplicable, a valoración técnica previa dos bens obxecto de permuta que acredite de forma fidedigna o seu prezo xusto e que a diferenza de valor entre eles non sexa superior ó 40% do que o teña maior, así como a observancia do procedemento legalmente establecido, incluída a oportuna comunicación ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Arts. 112.2 e 118 RBEL; Art. 155 LSG; Arts. 276.1 e 277.1 LALGA).

Obviamente, unha vez consumado o alleamento do aproveitamento municipal a favor de «Compañía Viguesa de Pinturas, S.A.», conforme a unha valoración técnica que -por certo- os alegantes en ningún momento

questionan, quedaban fóra do ámbito de disposición municipal as sucesivas transmisións producidas entre privados conforme ós prezos e condicións libremente fixados entre eles.

- 3) *En relación coa porción de terreo de 43,17 m². á que se refire o alegante, situado entre o límite do PERI e a vivenda existente na parcela orixinal núm. 18, resulta indubitado que a delimitación do ámbito do PC é plenamente coincidente coa do Polígono do PERI que desenvolve (vid. plano asinado polo Arquitecto-xefe de Planeamento-xestión; p.201, exp. 4520/401) e que na delimitación dese ámbito axustouse o mesmo por parcelas completas do parcelario catastral, excluindo a nº 443519 (rúa Tea nº 6), en aplicación do Apartado 3.2.2. das normas urbanísticas do PXOU-93, por ter máis superficie en solo urbano de Ordenanza 1.3.D.*

Tampouco non se incluiu a parte da rúa Tamuxe á que da fronte a parcela do interesado, que figura no inventario municipal de vías (F. nº 13-28; p.203, exp. 4520/401) e no parcelario catastral (p.202, exp. 4520/401) como vía pública, a pesar de que estea na actualidade ocupada privativamente (vid. fotografía p.200, exp. 4520/401), o que se puxo en coñecemento do Departamento municipal de Patrimonio ós debidos efectos.

Figura, ademáis, no expediente do PC (exp. nº 4520/401; p.54) plano topográfico actualizado e de delimitación do ámbito («Delimitación U.E. PERI II-05-ROCIO»), elaborado en agosto de 2004 pola Oficina de Cartografía da XMU, coincidente coa delimitación contida nos planos do PC aprobado (vid., p.ex., plano nº 2: «Topográfico actual»).

- 4) *Non consta a esta Administración a existencia de ningún vicio de falta de notificación a outros -presuntos- propietarios afectados; todos eles foron oportunamente notificados. Sucede simplemente que os propietarios das edificacións situadas nas rúas Ulla, Umia e Tambre atópanse fóra do ámbito delimitado no PERI; idéntico, como dixemos antes, ó do polígono que se executa.*
- 5) *Sobre a alegada "vulneración del principio de equidistribución de beneficios y cargas" e a "arbitrariedad e injusticia en la adjudicación de parcelas", insistimos en que o feito de que nin o PERI II-05 «ROCIO» nin as Bases de actuación aprobadas establecesen coeficientes de ponderación en función das tipoloxías e usos previstos ou das concretas localizacións dos predios resultantes do proceso reparcelatorio, non significa que non se cumpra o principio equidistributivo.*

En efecto, o PC aprobado atribúe igual valor ás dúas tipoloxías de uso residencial propostas (unifamiliar e colectiva) e nos informes técnicos e xurídicos da XC xustifícase o anterior en función dos prezos de venda, custos de construción, proxectos, etc., citándose expresamente determinados precedentes administrativos que avaliarían tal equiparación.

Tamén se apoia ésta na aplicación no PC -alomenos con carácter xeral- do criterio de proximidade dos predios adxudicados ás antigas propiedades (Arts. 116.1.g] LOUGA, 95 RXU e Base de actuación 12ª, Apdo. 7). O certo é que, fronte a eses argumentos, os recorrentes non achegaron -nin antes coa alegación nin agora co recurso de reposición- ningún dato ou elemento de xuízo que permita a esta Administración verificar de forma indubitada a alegada diferenza de valor entre unha e outra tipoloxía edificatoria.

Polo demáis, damos aquí por reproducida a resposta dos técnicos da XC tocante á adxudicación de edificabilidades por usos conforme ó PERI, sobre os criterios de valoración e adxudicación empregados no PC (criterios que se estiman congruentes cos previamente establecidos nas Bases de actuación aprobadas, ós que o PC debe axustarse) e sobre a integración no contorno da torre RT1; cuestión esta última allea ós contidos

proprios dun instrumento de equidistribución, ó que non compete establecer determinacións sobre alturas, situación das edificacións ou integración ambiental nin modificar as previstas no planeamento que se executa.

- 6) *Por último, procedería ratificar, con base nos informes técnicos da XC, do aparelador municipal da Oficina de Planeamento-xestión de data 29.11.2004 e do servizo municipal de Patrimonio histórico do 20.10.2004 (pp. 186-190 e 207-208; exp. nº 4520/401) , a valoración dos elementos indemnizables correspondentes ás parcelas orixinais núms. 18.a], 18.b] e 18.c], fixada na cantidade total de 164.916,83 € (82.680,82€ +47.594,93€ +34.641,08€); informes nos que se detallan os elementos indemnizables e os criterios de valoración aplicables. O sometemento da Administración pública ó principio de legalidade fai que eses informes técnicos municipais gocen da presunción de acerto, veracidade, obxectividade e imparcialidade, segundo reiterada xurisprudencia do TS (STS 14.01.1998, Ar. 561; STS 25.07.2003, Ar. RJ 5515; STS 03.04.2003, Ar. RJ 2947, entre outras); presunción que, por contra, non alcanza ó informe pericial de parte.*

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o anterior e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso potestativo de reposición interposto por D. Raimundo Iglesias Pérez e outros contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.12.2004 polo que se aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación do PERI II-05 ROCIO.

2º.- Notificar o acordo aos recorrentes e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo».

37(671).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR PICOSUR S.L. CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. DESESTIMADO. EXPTE. 4598/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral, de 23.05.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Na Asemblea Xeral extraordinaria da Xunta de Compensación (XC) do PERI II-05 «ROCIO», realizada o 12.11.2004, aprobouse, no punto núm. 2 da Orde do día, o informe-contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do Proxecto de Compensación (PC) e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.2. Mediante escrito de data 13.12.2004, que tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) o 14.12.2004 (nº doc. 40126636), a mercantil «Picosur, S.L.» formulou recurso de alzada contra o acordo da XC adoptado na precitada Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC.

Este recurso, tramitado co núm. de expediente 4568/401 (2004), foi expresamente desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) adoptado en data 21.02.2005 e notificado á recorrente e ó representante da XC o 17.03.2005.

I.3. En sesión do 20.12.2004, ese mesmo órgano municipal acordara aprobar definitivamente o PC do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indicaban, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas e desestimación doutras, entre estas últimas unha de «Picosur, S.L.».

I.4. Por instancia de data 07.04.2005, presentada no Rexistro xeral da XMU (nº doc. 50040664), a mercantil formula agora RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra o acordo da XGL do 20.12.2004 aprobatorio do PC, que lle fora notificado o 07.03.2005.

I.5. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e por oficio de data 19.04.2005, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente; o que así fixo mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 23.05.2005 (nº doc. 50120072).

I.6. O 26.04.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo da XGL do 20.12.2004, polo que se aprobou definitivamente o PC do polígono único do PERI II-05 «ROCIO» do PXOU-93 de Vigo, nas condicións que no mesmo se indicaban.

III.2. Na súa substanciación cumpríuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.3. Os argumentos contidos neste escrito de recurso constitúen -en parte- repetición cuase-mimética dos que figuraban:

a) Na alegación presentada pola agora recorrente no Rexistro xeral da XMU o 04.06.2004 (nº rex. 400582233) durante o trámite de información pública do PC; alegación expresamente desestimada no acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución adoptado o 20.12.2004 pola XGL;

b) No recurso dealzada deducido contra o acordo da XC adoptado na Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC; recurso tamén desestimado por acordo da XGL do 21.02.2005.

A recorrente límitase agora a transcribir os argumentos utilizados en relación con todas aquelas cuestións sobre as que mantén discrepancias co acordado pola XGL ou ben que considera non adecuadamente resoltas.

III.4. Ningún dos motivos deste recurso poden ser acollidos e este debe expresamente desestimarse con base en argumentos semellantes ós que no seu momento utilizamos para propoñer a desestimación da alegación e do recurso de alzada antes referidos. Tales son:

1) «Incorrecto cálculo de los porcentajes de participación»:

As incorreccións numéricas denunciadas no cálculo das porcentaxes de participación xa foron debidamente correxidas no documento do PC aprobado pola Asemblea Xeral da XC do 12.11.2004 e posteriormente pola Xunta de Goberno Local o 20.12.2004.

2) «Incumplimiento del principio de equidistribución de beneficios y cargas»:

Nin o PERI II-05 «ROCIO» nin as Bases de actuación aprobadas estableceron coeficientes de ponderación en función das tipoloxías e usos previstos ou das concretas localizacións dos predios resultantes do proceso reparcinatorio, o que non significa que non se cumpra o principio equidistributivo.

En efecto, o PC aprobado atribúe igual valor ás dúas tipoloxías de uso residencial propostas (unifamiliar e colectiva) e no informe de contestación ás alegacións da XC xustifícase o anterior en función dos prezos de venda, custos de construción, proxectos, etc., citándose expresamente determinados precedentes administrativos que avaliarían tal equiparación. Tamén se apoia ésta na aplicación no PC -alomenos con carácter xeral- do criterio de proximidade dos predios adxudicados ás antigas propiedades (Arts. 116.1.g] LOUGA, 95 RXU e Base de actuación 12ª, Apdo. 7).

O certo é que, fronte a eses argumentos, a recorrente non achegou nin antes coa alegación e o recurso de alzada nin agora co recurso de reposición- ningún dato ou elemento de xuízo que permita a esta Administración verificar de forma indubitada a alegada diferenza de valor entre unha e outra tipoloxía edificatoria.

Denuncia tamén a recorrente que: "La superficie del ámbito según la Memoria del Proyecto de Compensación es de 20.724 m2 cuando realmente es de 24.749 m2, diferenza que influye en todos los cálculos efectuados de edificabilidades".

Tal denuncia carece por completo de fundamento, como resulta da simple lectura do Apdo. C) desa mesma Memoria, no que se indica que: «El ámbito de actuación del polígono del PERI II-05 ROCÍO es el mismo que éste. Está situado en la parroquia de Coia y consta de una superficie de 24.749 m2, plasmándose gráficamente en los planos que forman parte de este proyecto de compensación».

3) «Incumplimiento de las competencias del Consejo Rector»:

O Consello Rector da XC celebrado o 14.04.2004 aprobou a proposta de someter a información pública e audiencia dos interesados o PC, habilitando ó mesmo tempo ó seu Presidente para a realización de todas as xestións necesarias a tal fin, para a súa aprobación pola Asemblea xeral; proposta que foi ratificada na realizada o 20.04.2004.

Posteriormente, o mesmo Consello Rector, na súa reunión do 29.10.2004, acordou fixar para o 12.11.2004 a data de celebración dunha Asemblea xeral extraordinaria na que se debatiría precisamente, como punto 2º da orde do día, a: «Aprobación de la contestación de las alegaciones presentadas al Proyecto de Compensación expuesto al público y aprobación por parte de la Junta de Compensación del Proyecto de Compensación».

En definitiva, o PC foi aprobado polo órgano competente da XC (a Asemblea xeral: Art. 23.h] Estatutos) co quorum legalmente esixido (Arts. 155.6 e 157.3 LOUGA) e non se aprecia a concorrencia de ningún vicio ou irregularidade con trascendencia anulatoria ou causante duha hipotética indefensión material ó interesado.

4) «Cesión obligatoria a favor del Concello del 10% del aprovechamiento. Nulidad de pleno derecho de la venta anticipada a uno de los propietarios»:

O Concello de Vigo alleou mediante permuta de cousa futura o 10% do aproveitamento urbanístico do que era titular neste ámbito por disposición da lei (Art. 14.2.c] LRSV e Arts. 18.b] e 20.1.c] LOUGA). Así resulta dos acordos adoptados polo Consello de Xerencia da XMU do 07.02.2002 e o Pleno da Corporación do 25.02.2002 (que resultaron firmes) e da escritura pública de permuta autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, do 21.05.2002, co núm. 1113 do seu protocolo.

Esa porcentaxe de aproveitamento municipal concretábase con toda exactitude nunha parcela futura (pero determinada) no polígono único do PERI II-05 «ROCIO», cun aproveitamento urbanístico de 2.475 m2 e un valor estimado de 88.216.425 pts. (=530.191,39 €); datos que constan nos informes técnicos previos ós acordos precitados.

Por outra banda, no expediente administrativo municipal tramitado ó efecto (exp. nº 4225/401) quedou acreditada a utilización deste procedemento excepcional de alleamento dos bens do PMS e da concreta modalidade de «permuta de cousa futura» (Arts. 1271.1 e 1538 CC), a concorrencia dos supostos fácticos que o lexitimaban; entre eles, a xustificación da súa necesidade para o interese público, a correcta utilización dos

bens integrantes do PMS conforme á normativa aplicable, a valoración técnica previa dos bens obxecto de permuta que acredite de forma fidedigna o seu prezo xusto e que a diferenza de valor entre eles non sexa superior ó 40% do que o teña maior, así como a observancia do procedemento legalmente establecido, incluída a oportuna comunicación ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Arts. 112.2 e 118 RBEL; Art. 155 LSG; Arts. 276.1 e 277.1 LALGA).

Unha vez consumado o alleamento do aproveitamento municipal a favor de «Compañía Viguesa de Pinturas, S.A.» (que non era nin é propietaria no polígono), conforme a unha valoración técnica nunca cuestionada, quedaban fóra do ámbito de disposición municipal as sucesivas transmisións producidas entre privados conforme ós prezos e condicións libremente fixados entre eles.

- 5) *O resto dos argumentos do recurso («Incumplimiento de la obligación de asignar derecho edificable a la finca de origen nº 24 aportada» e «Falta de justificación de la edificabilidad destinada a otros usos»), transcripción literal do exposto no anteriores escritos de alegacións e de recurso de alzada, deben ser tamén rexeitados con base nas mesmas razóns que motivaron a súa desestimación, remitíndonos polo demáis ó informe pormenorizado das alegacións dos asesores técnicos e xurídicos da XC, de data 08.11.2004 (pp. 170-185 do exp. nº 4520/401) e ós escritos desta, de datas 01.02.2005 (pp. 1-2; exp. nº 4568/401) e 23.05.2005 (exp. nº 4598/401), evacuados nos trámites de audiencia conferidos en relación cos recursos de alzada e reposición antes reseñados, todos os cales -incorporados ó presente expediente- serven de motivación «in aliunde» á proposta desestimatoria destes concretos motivos de recurso.*

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte, ACORDO

Conclúe o informe formulando a proposta que se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso potestativo de reposición interposto pola sociedade mercantil Picosur, S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.12.2004 polo que se aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación do PERI II-05 ROCIO.

2º.- Notificar o acordo á recorrente e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo».

38(672).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL VENTURA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ E OUTROS CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. DESESTIMADO. EXPTE. 4599/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral, de 23.05.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Na Asemblea Xeral extraordinaria da Xunta de Compensación (XC) do PERI II-05 «ROCIO», realizada o 12.11.2004, aprobouse, no punto núm. 2 da Orde do día, o informe-contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do Proxecto de Compensación (PC) e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.2. Mediante escrito de data 13.12.2004 (Correos), que tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) o 14.12.2004 (nº doc. 40126638), D. Manuel Ventura Fernández Fernández, D. Luis Fernández Fernández, Dª Mª del Carmen Fernández Fernández, D. Gustavo Fernández Costas e Dª Carmen Costas Carrera formularon recurso de alzada contra o acordo da XC adoptado na precitada Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC.

Este recurso, tramitado co núm. de expediente 4569/401 (2004), foi expresamente desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) adoptado en data 14.02.2005 e notificado ós recorrentes e ó representante da XC.

I.3. En sesión do 20.12.2004, ese mesmo órgano municipal acordara aprobar definitivamente o PC do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indicaban, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas, entre elas, unha de D. Manuel Ventura Fernández Fernández e demais interesados.

I.4. Por instancia de data 14.04.2005 (Correos: 13.04.2005), presentada no Rexistro xeral da XMU co nº de documento 50069331), os interesados formulan agora RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra o acordo da XGL do 20.12.2004 aprobatorio do PC, que lles fora notificado o 10.03.2005, agás a D. Manuel Ventura Fernández Fernández (13.03.2005)

I.5. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e por oficio de data 19.04.2005, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente; o que así fixo mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 23.05.2005 (nº doc. 50120072).

I.6. O 26.04.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).

- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo da XGL do 20.12.2004, polo que se aprobou definitivamente o PC do polígono único do PERI II-05 «ROCIO» do PXOU-93 de Vigo, nas condicións que no mesmo se indicaban.

III.2. Na súa substanciación cumpríuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.3. Os argumentos contidos neste escrito de recurso constitúen -en parte- repetición dos que figuraban: a) Na alegación presentada polos interesados durante o período de información pública do PC (Rexistro xeral XMU 08.06.2004; nº rxtro. 40059273); alegación que xa foi expresamente resolta, con estimación parcial, no acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución adoptado o 20.12.2004 pola XGL; b) No recurso de alzada deducido contra o acordo da XC adoptado na Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC; recurso desestimado por acordo da XGL do 14.02.2005.

Os recorrentes reiteran os argumentos utilizados en relación con todas aquelas cuestións sobre as que manteñen discrepancias co acordado pola XGL ou ben que consideran non adecuadamente resoltas, solicitando a suspensión da execución do acto impugnado (Art. 111 LRX-PAC).

III.4. Ningún dos motivos deste recurso poden ser acollidos e este debe expresamente desestimarse con base en argumentos semellantes ós que no seu momento utilizamos para propoñer a desestimación do recurso de alzada antes referido.

Así:

1. Non se considerou procedente no PC a valoración do cese de actividade e traslado do bar que viña funcionando na planta baixa do inmovible sinalado co núm. 92 da rúa Tomas Paredes, por canto que o mesmo, segundo se acreditaba polos propios interesados coa declaración presentada a efectos do IAE (30.06.2001), produciuse con anterioridade á aprobación definitiva do PERI II-05 «ROCIO» (Pleno 29.10.2001), no que se delimitaba todo o ámbito como un único Polígono, a executar mediante o sistema de compensación; momento ó que deben entenderse referidas as valoracións (Art. 24.b) LRSV por relación cos Arts. 101.a) e 174 RXU e Art. 117.1 LOUGA).

O único documento que os recorrentes achegaran en apoio dun hipotético dereito indemnizatorio ó seu favor era, paradoxicamente, a declaración de cese da actividade de bar presentada por Dª Nieves Vázquez Costas; anterior, como xa dixemos, a aprobación definitiva deste PERI. Presentan agora unha certificación do

Catastro, de data 30.11.2004, do Padrón do IBI correspondente ó exercicio de 2002 no que consta como uso do local principal o de: «Ocio y Hostelería».

É obvio que tal documento, relativo ó Imposto sobre Bens Inmóveis, non é, por si mesmo, idóneo para probar a existencia dunha actividade desa natureza no local do núm. 92 da rúa Tomás Paredes ó tempo da aprobación do PERI, sobre todo tendo en conta que:

- Consta fidedignamente a data de declaración de cese da actividade a efectos de IAE: 30.06.2001.
 - Non consta con posterioridade a esa data a existencia de documento urbanístico (licencia de apertura/cambio de titularidade) ou fiscal vinculado ó exercicio dunha actividade (p.ex. Padróns IAE, EUI) que acredite a continuación daquela actividade de bar.
 - A maiores, os recorrentes manifestaron tanto no seu escrito de alegacións ó PC como no recurso de alzada contra o acordo da XC do 12.11.2004 que o bar «estuvo funcionando desde el 10 de Septiembre de 1.960 ininterrumpidamente hasta la aprobación del PERI [2001], esto es, durante más de 40 años»; o que demostraría a falta de vixencia da información catastral sobre este concreto aspecto, referida ó exercicio de 2002.
2. Reitérase igualmente polos agora recorrentes en reposición que a edificación existente no núm. 79 da rúa Pardaiña quedaría «fóra de ordenación» (por incumprir o recuado mínimo lateral), polo que solicitan que non se mantéña e se fixe a valoración correspondente conforme co disposto nos Arts. 90 e 91 do RXU e 116.2 da LOUGA.

Tal petición foi expresamente desestimada no seu momento xa que, de acordo coas Bases de Actuación aprobadas, só se estiman como elementos non conservables aqueles cuxa eliminación sexa necesaria para executar as obras de urbanización [Base de actuación 6ª], o que non sucede no caso presente. A maiores, indicar que:

- a) Non existe ningunha radical incompatibilidade entre a edificación que se mantén e a ordenación prevista; polo contrario, coinciden tanto o uso (residencial) como a tipoloxía (vivenda unifamiliar).
- b) A parcela resultante nº 3 ten unha superficie de 600 m²., superior polo tanto á establecida como mínima no planeamento (500 m².) e correspóndelle unha edificabilidade de 300 m²c. A superficie edificada que alega o interesado (199 m² e dúas plantas) quedaría, pois, comprendida nunha parcela resultante de maiores dimensións, o que determina a aplicabilidade do Art. 90.d] do RXU e, en consecuencia, a adxudicación prevista no PC ós primitivos propietarios do predio resultante núm. 3.

Lembrar, por último, sobre a titularidade orixinal desa edificación e a adxudicación da nova parcela regularizada conforme ó PC, que os interesados asinaron en data 14.04.2004 un documento privado cos representantes de «Promociones Costa Galicia, S.L.» e «Bouza Alta, S.L.» (presentado no Rexistro xeral da XMU o 02.12.2004; nº doc. 40122779) no que manifestaron de forma expresa a súa conformidade coa proposta de adxudicación de predios resultantes alí reseñada e logo recollida fielmente no PC aprobado; proposta na que, precisamente, se asignaba a D. Luís Fernández Fernández o pleno dominio da totalidade das parcelas núms. 3 e 4.

3. En relación coa valoración dos elementos indemnizables existentes na parcela orixinal nº 7, considerouse tanto polos técnicos da XC como polo Arquitecto-técnico municipal que o importe total da indemnización a percibir debía ser de 48.310,92 €, en lugar dos 39.342,78 € previstos no PC sometido a información pública e dos 57.569,40 solicitados.

Aclárase que no documento do PC aprobado pola XC e polo Concello figura un anexo de taxacións (Anexo nº 1: «Tasación de los derechos, edificaciones, construcciones o plantaciones que deben extinguirse o destruirse para la ejecución del Plan») asinado polo arquitecto-técnico D. Rafael Docampo Fernández e visado polo COAAT de Pontevedra o 18.11.2004, e que, ademáis, consta no expediente administrativo do PC (exp. nº 4520/401) informe técnico do Arquitecto-técnico municipal da Oficina de Planeamento-Xestión de data 29.11.2004 (pp. 186-190) sobre a valoración que se considera máis axeitada para, entre outras, a propiedade dos recorrentes.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte, ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso potestativo de reposición interposto por D. Manuel Ventura Fernández Fernández e outros contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.12.2004 polo que se aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación do PERI II-05 ROCIO.

2º.- Notificar o acordo aos recorrentes e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo».

39(673).-RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE RÚA ENTRE PORTELA E FONTÁNS. EXPTE. 3931/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da oficina de Xestión e Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 11.05.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A sesión plenaria de 12 de marzo de 1996, o Pleno acordou a aprobación inicial do proxecto de urbanización da rúa entre as de Portela e Fontáns, presentado pola entidade "Rehabilitación de Edificios e Vivendas, Revsa S.L.". A eficacia do acordo mencionado, quedaba condicionada á previa aprobación definitiva do

estudio de detalle do ámbito e que, en consecuencia, unha vez aprobado o estudio de detalle e de non presentarse ningunha alegación ó proxecto de urbanización, considerárase este aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo expreso ó efecto, pero coa preceptiva publicación no BOP e comunicación ó órgano competente da Xunta de Galicia en materia urbanística.

O citado estudio de detalle foi aprobado definitivamente por acordo do Pleno de 13 de xuño de 1996 e o acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización foi publicado no BOP nº 114 correspondente ó día 13 de xuño de 1996.

O 24 de xuño de 1996, "Revsa, S.L." presenta garantía para responder das obras de urbanización (11.129.454 ptas.), correspondentes ó 100% do coste de execución da urbanización.

No ano 1999 a entidade anteriormente citada solicita a recepción das obras de urbanización. Consta no expediente informe do enxeñeiro xefe de infraestructuras e obras de 19.02.99 no que se conclúe que as obras están sen rematar, solicitando o aporte de certa documentación . O 5 de febreiro "Revsa, S.L." aporta certa documentaciónA concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga "Seragua, S.A." presenta escrito o 3 de setembro de 1999 no que se constata o seguinte: "(...)1.- La calle no está terminada, permanecendo cortada a la altura de las propiedades más próximas a la c/ Portela. 2.- La red de abastecimiento no presenta deficiencias, salvo vicios ocultos, a excepción del tramo final, donde se observa una tubería de polietileno sobre la acera que discurre en dirección a las viviendas próximas a la c/ Portela. 3.- La red de saneamiento, no presenta deficiencias, salvo vicios ocultos, a excepción de los sumideros, donde se observa la canalización de alumbrado público dentro de los mismos. 4.- Se significa que el saneamiento de la calle inspeccionada, al no tener salida por la c/ Portela, desagua a través de propiedades particulares, desconociendo su trazado y punto de desagüe (...)".

O 9 de setembro de 2002, a mercantil citada presenta novo escrito solicitando a recepción das obras de urbanización, ó considerar que se solventaron todos os problemas aludidos no informe da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal. A concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento, informa o 4 de outubro de 2002 o seguinte: "(...) Como continuación a nuestro escrito de fecha 03.09.99 y Refº nº 1.100-RS/ms. y tras la visita de inspección realizada con Vd el día 27.09.02 se comprueba que la tubería de polietileno ha sido retirada y las canalizaciones de laumbrado público colocados dentro de los sumideros también (...)". O 17 de outubro de 2002 o enxeñeiro xefe de vías e obras informa: "(...) as obras axústanse sensiblemente ó proxecto que serviu para a súa execución, sendo realizadas aceptablemente (...)".

A solicitude de recepción foi novamente presentada en setembro de 2004. En marzo de 2005, recíbese escrito de "Unión Fenosa" chegando á seguinte conclusión: "(...)Por lo tanto, a su solicitud de informe del estado final de las obras tenemos que contestar: que nos parecen insuficientes, que no han sido cedidas a esta empresa, que no hemos supervisado su ejecución y que es necesario dejar las instalaciones existentes en forma reglamentaria (...)". Así mesmo, contan no expediente informe favorable do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, "Gas Galicia", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Telefónica de España".

O 4 de marzo de 2005 o enxeñeiro técnico de vías e obras informa o seguinte: "(...) Realizada inspección dos mesmos no ámbito amosado no plano que se acompaña, determínase que o estado dos pavimentos da calzada e a beirarrúa axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados (...)".

O 12 de abril de 2005 axudante técnico do servizo de electromecánicos informou o seguinte: "(...) En relación coas instalacións de iluminación pública da urbanización Rúa entre Rúa Portela e Rúan Fontáns, unha vez

analizada a documentación correspondente ao expediente de referencia, e efectuadas as conseguíntes medicións e comprobacións obsérvase que a dita instalación cumpre:- A normativa vixente (RBT- MIEBET 009) do Ministerio de Industria. - A normativa en uso do Excmo. Concello de Vigo. - Axústase ó descrito no proxecto de dirección de obra. Polo tanto non existe inconvinte en proceder á súa recepción (...). Así mesmo, consta no expediente informe de 19 de xaneiro de 2000, no que o enxeñeiro técnico industrial municipal, conclúe: "(...) En relación con la instalación de Alumbrado Público de la Rúa Fontáns-Portela, 6 y una vez girada inspección a dichas instalaciones; esta Oficina Técnica comunica que: - A instalación, cumple con la normativa vigente (RBET-MIEBT 009 y PGOU de Vigo-Anexo I). - La Dirección de Obra ha sido llevada a cabo por el Ingeniero Técnico Industrial D. Antonio Garboa Vázquez, Colegiado nº 1050 del Colegio Oficial de Ingenieros técnicos industriales de A Coruña, visado fecha 12 de Agosto de 1998 (...)"

Por último, o 22 de abril de 2005, o enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento, informa o seguinte: "(...) Con fecha 28/03/96 fue aprobado definitivamente el Proyecto de Urbanización de la calle en proyecto entre las de Portela y Fontans. Solicitada la recepción de las obras, los informes sectoriales recabados son favorables exceptuando el emitido por Unión Fenosa. En este informe se aduce que no se tiene copia del Proyecto, cuestión subsanable, que existe un apoyo en calzada en la calle Fontans, algo que nada tiene que ver con estas obras y la insuficiencia de las insalaciones que existen, además de reclamar la cesión de la infraestructura. Todo lo relacionado en ese escrito, no es impedimento para la recepción de las mismas, habida cuenta que se constata la adecuación al Proyecto aprobado, entendiéndose además que se trata de temas que e pueden resolver con la calle en servicio. Si el tiempo transcurrido desde la aprobación del Proyecto ha dejado obsoleta y/o mermada alguna instalación, incluso por el cambio de exigencias técnicas, esto no debe retrasar la puesta en uso de un nuevo vial, y ser mediante las mejoras a introducir en el natural proceso de renovación de los servicios urbanísticos, a través de las que se aduce en el mismo. Se propone por lo tanto la recepción de las obras (...)"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes favorables do enxeñeiro técnico do servizo de vías e obras e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do RC, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante

desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

6.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de vías e obras de 12 de abril de 2005 e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento de 22 de abril do mesmo ano, acordar a recepción das obras de urbanización da "Rúa Portela e Fontáns".

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós propietarios da urbanización, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do Servizo de Vías e Obras de 12 de abril de 2005 e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento de 22 de abril do mesmo ano, acordar a recepción das obras de urbanización da "Rúa Portela e Fontáns".

2º.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós propietarios da urbanización, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A."

40(674).-RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO E.D. II-01 MIGUEL SERVET-RÚA CHOUZO. EXPTE. 37504/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 1.06.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Consello da XMU, por delegación da Presidencia da Xerencia de data 24.11.00, adoptou o seguinte acordo: “ (...) Autorizar a D. Antonio Fernández González, en representación de <URBANISMO VIGO, S.A.> para construír conforme ó proxecto e estudo de seguridade e saúde presentado, redactado polos arquitectos D. Mariano de Labra Morán, D. José A. Castro Sousa, D^a. Cristina Gómez Dobarrío e D. Eduard Masnou Sánchez, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data 6/7/00, planos nº 12,13,15 visados o 13/10/00 e nº 2,3,4,5,16,17,18,19,23,24,25,26 visados o 20/11/00, cun presuposto de execución de 300.000.000 pesetas e informe técnico favorable de data 4.12.00, un edificio na Praza de Eugenio Fadrique esquina camiño do Couzo, calificado no PXOU como solo urbano no ámbito do Estudio de Detalle II 01-Miguel Servet aprobado definitivamente por acordo plenario de 27.2.89, composto de dous sotos, baixo con zona porticada (sup 124,76 m²), dous portais, catro locais comerciais, entreplanta anexa a cada local de planta baixa, sete plantas dúas delas recuadas para un total de 46 vivendas e un estudio e baixo cuberta para uso de trasteiros, cunha superficie total construída de 8854,74 m². Declara-la indivisibilidade da parcela de 928,13 m², a cal inscribírase no Rexistro da Propiedade mediante certificación que será expedida polo Concello. En canto ás características da construción, cesións e obras de urbanización estarase ás determinacións do Planeamento Secundario tramitado para o ámbito do seu emprazamento Estudio de Detalle II-01 Miguel Servet aprobado definitivamente coa data 27.2.92 e proxecto de obra complementaria visado coa data 13/10/00, segundo informe emitido pola oficina de Planeamento de data 17.10.00, debendo efectua-las obras de urbanización simultaneamente coa construción, subordinándose o dereito de edificar ó deber de urbanizar e estas obras de urbanización concluídas e recibidas antes da concesión da licenza de primeira ocupación ó edificio (...)”.

Por resolución do Consello da XMU de data 02.05.2002, adoptouse o seguinte acordo: “ (...) Aproba-lo proxecto de execución presentado por "URBANISMO VIGO, S.A." redactado polos arquitectos D. Mariano de Labra e D. José Antonio Castro, visado con data 5-11-01 e segundo o informe técnico de data 10-4-02, para o edificio en construción situado no camiño do Chouzo esquina Praza Eugenio Fadrique, que obtivo licenza de construción por acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo de data 24-5-01 segundo o expediente 37504/421, e autorizarlle para efectua-las seguintes modificacións respecto do proxecto básico que obtivo licenza, consistentes en: Incremento da superficie construída da entreplanta inherente á planta baixa pasando de 404,53 m² a 559,19 m², correspondentes ó 75% da superficie de cada local de planta baixa proxectado, incrementándose a superficie total construída en 154,66 m², pasando a superficie total construída do edificio a 9.009,40 m², mantendo idéntica descrición que a prevista no proxecto básico que obtivo licenza. Mantense firme o devandito acordo do Consello de concesión de licenza no que non resulte modificado por este.”

O 31.08.2004 don Francisco Castro Andrade, en representación da sociedade "Urbanismo Vigo, S.A." solicita a recepción das obras de urbanización anexas ó edificio situado na Plaza Fadrique esquina Camiño do Chouzo nº1 e 3 de Vigo. En data 15.09.2004, a mercantil volta a solicitar a recepción das obras achegando nova documentación.

Constan no expediente os seguintes informes:

- "Gas Natural Galicia, S.A." de 29.10.2004.
- Servicios electro-mecánicos de 3.11.2004.
- "Unión Fenosa Distribución, S.A." de 5.11.2004.

- "Aqualia" de 23.11.2004.
- "Telefónica de España" de 20.12.2004.
- Servicio de vías e obras de 11.02.2005.
- "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A."
- Servicio de Montes, Parques e Xardíns de 26.04.2005.

Á vista do contido do informe emitido polo Servicio de Vías e obras, don Francisco Castro Andrade (er de "Urbanismo Vigo, S.A."), presenta escrito o 9.03.05 solicitando novamente a recepción das obras.

O enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de xestión e planeamento, o 13 de maio informa o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción se informan, están contenidas en el Proyecto de Urbanización de la UE II-01 Miguel Servet. Esta unidad de planeamiento, tras diversas situaciones derivadas de los cambios de Plan General entre finales de los 80 y principios de los 90, se aprobó definitivamente el 27/02/92. La comisión informativa de Urbanismo del 22 de Febrero de 1993, aprobó definitivamente el Proyecto de urbanización (Exp- 3545/401), adaptado al actual PGOU según el Anexo aportado por los Técnicos Municipales. Tal y como se indica en la ficha del citado ED, se debe ajustar el viario a las determinaciones del vigente PGOU, realizándose las correspondientes cesiones, y completándolas con un documento de obras ordinarias que describa las necesarias unidades de urbanización. Dicho documento tuvo visado oficial el 13/10/00, recogiéndose en la licencia que da origen al edificio cuya primera ocupación se tramita conjuntamente con esta recepción de obras. Las mismas han sido revisadas por los diferentes servicios con instalaciones en su ámbito, informes que se acompañan. En relación con el remitido por la Oficina de Vías y Obras, de fecha 11/02/05, señalar lo que sigue: Los postes del tendido eléctrico han sido retirados, y la calzada repuesta convenientemente. Las tapas de los registros son en estos momentos accesibles e identifican los servicios. Ya no existen zanjas abiertas. Los pasos de peatones cumplen con la normativa de accesibilidad. La zona de cesión posterior (se incluye en el expediente las cesiones escrituradas del Estudio de Detalle), está efectivamente cerradas al uso público por tratarse de un lugar residual, y atendiendo a razones higiénico sanitarias y de seguridad. Por lo expuesto, las obras pueden ser recibidas, salvo superior criterio (...)"

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Según se deduce do informe favorable do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento, todas as deficiencias observadas nos informes relacionados nos antecedentes da presente proposta, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do RC, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado. A boa execución das obras de urbanización quedou garantida coa concesión da licenza de obra de acordo co establecido no artigo 40 do real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

6.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes recabados e o emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamentode 13 de maio de 2005, acordar a recepción das obras de urbanización do "ED II-01 Miguel Servet-Rúa Chouzo".

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós promotores da urbanización, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e ás empresas: "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España", "R Cables e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Gas Natural Galicia, S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

41(675).-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE

CONSTRUCCIÓN, REFORMA E GRANDE REPARACIÓN DE DIVERSOS MUROS NO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 44673/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 20.04.05, o prego de cláusulas administrativas do asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 25.04.05, ambos para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos de construción, reforma e grande reparación de diversos muros, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de 23.05.05 e de acordo co informe-proposta xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 27.04.05, conformado polo xefe do Servizo de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “ Asistencia técnica para a redacción de proxectos de construción, reforma e grande reparación de diversos muros no termo municipal ” elaborado polo servizo de Vías e Obras .

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da asistencia técnica para “ Redacción de proxectos de construción, reforma e grande reparación de diversos muros no termo municipal ” para o servizo de Vías e Obras .

3º.- Autorizar o gasto de 24.000,00 euros para a contratación da asistencia técnica para “Redacción de proxectos de construción, reforma e grande reparación de diversos muros no termo municipal ” para o servizo de Vías e Obras con cargo á partida 5110.227.06.00

4º.- Iniciar o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

42(676).-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X EL SABIO” EXPTE. 67/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polos enxeñeiros autores do proxecto e polo coordinador da Área de Servizos Xerais, de abril de 2005, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 18.05.05, ambos para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras de humanización da rúa Alfonso X el Sabio, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de 02.06.05 e de acordo co informe-proposta xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 18.05.05, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “ Proxecto de Remodelación de beirarrúas da Rúa Alfonso X el Sabio ”.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas pariculares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 16de febreiro do 2005 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “ Proxecto de Remodelación de beirarrúas da Rúa Alfonso X el Sabio ”

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do do “ Proxecto de Remodelación de beirarrúas da Rúa Alfonso X el Sabio “ con cargo á partida 511.0.611.00.24 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 90.000,00 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

43(677).-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS, FASE 1, RÚA MESTRE MATEO. EXPTE. 73/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo autor do proxecto, de abril de 2005, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 20.05.05, ambos para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras de humanización da zona das ostras, Fase 1, rúa Mestre Mateo, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de 02.06.05 e de acordo co informe-proposta xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de 20.06.05, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “Humanización Zona das Ostras. Fase 1, rúa Mestre Mateo”, redactado por Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais (PETTRA).

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “ Humanización Zona das Ostras. Fase 1, rúa Mestre Mateo ” elaborado polo xefe do Servizo de Vías e Obras .

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas pariculares elaborado pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “Humanización Zona das Ostras. Fase 1, rúa Mestre Mateo”

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “Humanización Zona das Ostras. Fase 1, rúa Mestre Mateo” con cargo á partida 751.0.611.00.00 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 95.817,355 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

44(678).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “REPARACIÓN DA CAPA DE RODADURA NO CAMIÑO ORIÑOS”.EXPTE. 57/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.06.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto REPARACIÓN CAPA DE RODADURA NO CAMIÑO ORIÑOS, foi redactado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, e subscrito polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama, en abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a reparación de capa de rodadura no camiño de Oriños, acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 27.211,29 euros (VINTESETE MIL DOSCENTOS ONCE EUROS CON VINTENOVE CÉNTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura no camiño de ORIÑOS" cun presuposto base de licitación de 27.211,29 € (VINTESETE MIL DOSCENTOS ONCE EUROS CON VINTENOVE CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura no camiño de ORIÑOS" cun presuposto base de licitación de 27.211,29 €.

45(679).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DA CAPA DE RODADURA NA RÚA MESTRE MONTES. EXPTE. 61/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.06.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto REPARACIÓN CAPA DE RODADURA NA RÚA MESTRE MONTES, foi redactado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, e subscrito polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama, en abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a reparación de capa de rodadura no camiño de Oriños, acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 14.822,45 euros (CATORCE MIL OTOCENTOS VINTE DOUS EUROS CON CUARENTA E CINCO CENTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura na rúa MESTRE MONTES" cun presuposto base de licitación de 14.822,45 € (CATORCE MIL OITOCENTOS VINTE DOUS EUROS CON CUARENTA E CINCO CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura na rúa MESTRE MONTES" cun presuposto base de licitación de 14.822,45 €

46(680).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DA CAPA DE RODADURA NA RÚA PIZARRO”(DENDE VÁZQUEZ VARELA A ISABEL A CATÓLICA). EXPTE. 64/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.06.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto REPARACIÓN CAPA DE RODADURA NA RÚA PIZARRO (dende Vazquez Varela a Isabel a Católica), foi redactado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, e subscrito polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama, en abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a reparación de capa de rodadura no camiño de Oriños, acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 29.892,20 euros (VINTENOVE MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura na rúa PIZARRO (dende Vazquez Varela a Isabel a Católica)" cun presuposto base de licitación de 29.892,20 € (VINTENOVE MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Reparación Capa de rodadura na rúa PIZARRO (dende Vázquez Varela a Isabel a Católica) cun presuposto base de licitación de 29.892,20 €.

47(681).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DE MURO DE SOSTENEMENTO NO CAMIÑO DA DEVESA” (CANDEÁN). EXPTE. 66/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 2.06.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto REHABILITACIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO NO CAMIÑO DA DEVESA (Candeán), foi redactado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, e subscrito polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama, en Abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a rehabilitación de muros de sostenemento, cabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 112.192,67 (CENTO DOCE MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E SETE CENTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto

1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Rehabilitación de muro de sostemento no camiño da DEVESA" cun presuposto base de licitación de 112.192,67 € (CENTO DOCE MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Rehabilitación de muro de sostemento no camiño da DEVESA" cun presuposto base de licitación de 112.192,67 €

48(682).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZAICÓN NA PROLONGACIÓN DA RÚA ENRIQUE LORENZO (TEIS). EXPTE. 37045/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 29.04.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 21/08/1998 o entón Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu autorizar licenza de obras para a construción dun edificio na prolongación da rúa Enrique Lorenzo (Teis) -expte. 30614/421-. Nesa licenza impúxose a obriga de cesión de 364,64 m² de solo urbanizado (68,64 m² para ampliación da rúa Enrique Lorenzo e 296 m² para novo vial en proxecto).

2.- A cesión do referido terreo en favor do Concello efectuouse en virtude de Escritura Pública outorgada no día 15/12/1998 perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 1998 do seu protocolo e inscribíuse no Rexistro da Propiedade núm. 2, fincas 60.751 e 60.753.

3.- Durante as obras de edificación executáronse correctamente ás de prolongación da rúa Enrique Lorenzo, tal e como sinalou o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas no seu Informe do 13/04/2005 incorporado ó expediente.

No que se refire á execución da nova rúa prevista no PXOU-93, en data 08/03/2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aproba-lo correspondente proxecto de obras, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Sergio Franco Bastianelli, con visado colexial do 12/09/2000 (expte. 30616/250). Na parte expositiva desa resolución sinalouse o seguinte:

"(...) O enxeñeiro técnico de obras públicas informa en data 20 de febreiro de 2001 que o proxecto "inclúe tamén o pavimentado e as beirarrúas do vial en proxecto. Como se trata dun tramo do mesmo, sen posible conexión polo

momento con outros viais, non ten ningún sentido esa pavimentación, sendo preferible poñer un aval polo importe desas unidades de obra, e que se execute o resto do contido do proxecto. Ademais na licencia da edificación só se esixe que o terreo se ceda explanado".

Por tal motivo impúxoselle á propiedade a obriga de constituír un aval polo importe de 1.521.920.

4.- En data 13/04/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe no que manifestou que tras unha visita de inspección efectuada no 08/04/2005 constatou o seguinte:

"As obras de urbanización da zona de cesión na rúa Enrique Lorenzo están realizadas e poden ser recibidas. A zona de cesión do vial en proxecto, está estabilizada, desaparecendo os motivos, e efectos, de arrastres de materiais denunciados no seu día. A cesión está formalizada. No PXOM exposto ó público, o vial antes citado non figura nas previsións que contén".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

II.- Neste caso, os Informes do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas obrantes no expediente unido ó certificado de fin de obra podería considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Procede polo tanto ratifica-la recepción das obras de ensanche da prolongación da rúa Enrique Lorenzo, estimándoa suficiente para poder outorga-la licenza de primeira ocupación do edificio de referencia, considerando que dispón de acceso directo pola citada rúa, así como a inviabilidade da execución parcial do novo vial previsto no PXOU-93. De tódolos xeitos, antes do outorgamento da licenza de primeira ocupación deberá acreditarse a constitución da garantía ou aval polo importe de 1.521.920 esixido no Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 08/03/2001 antes citado.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que adopte o seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Aprobala recepción das obras de urbanización da prolongación da rúa Enrique Lorenzo (Teis) vencelladas á licenza de obras outorgada no 21/08/1998 no expte. 30614/421, coa condición de que antes do outorgamento da licenza de primeira ocupación se acredite a constitución da garantía ou aval de 9.147 euros (1.521.920 ptas) esixido no anterior Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 08/03/2001 -expte. 30616/250-. (expte. 37045/421).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ós servizos municipais de Licenzas, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Aqualia. Notifíquese tamén o seu contido íntegro ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

50(683).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A OCUPACION E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 599/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a certificación da sesión da Xunta de Goberno Local de data 7.03.05 na que se aproba o Plan de ocupación e explotación de servizos nas praias do temino municipal de Vigo para o ano 2005, o prego de condicións para a instalación e explotación de

servizos de temporada nas praias do Concello de Vigo, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación con data 13.05.05, visto o informe xurídico favorable de data 8.06.05 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 13.05.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de condicións para a ocupación e explotación de servizos de temporada nas praias do término municipal de Vigo.

2º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

51(684).- RENUNCIA VOLUNTARIA DUN BOLSEIRO PARA REALIZAR PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN DE 2005 E NOMEAMENTO DE PRIMEIRA SUPLENTE. EXPTE. 1612/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 8.06.05, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Dar conta da renuncia voluntaria presentada por D. Ramón Burdeos Quintana á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo o día 8 de xuño de 2005.

2º.- Nomear como titular da bolsa para a realización de prácticas nas oficinas de información e servizos turísticos a D^a. Carmen Susana Alvarez Alvarez, con DNI 36.166.000 H, en substitución do titular que presentou a súa renuncia por escrito, dado que se trata da primeira suplente por orde de puntuación.

3º.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

52(685).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE REMAR PARA A CELEBRACIÓN DUNHAS CAMPAÑAS EVANXELÍSTICAS NO PARQUE DE CASTRELOS OS DÍAS 17 E 18 DE XUÑO DO ANO EN CURSO. EXPTE. 71077/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 9.06.05, conformado polo concelleiro-delegado do área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR a REMAR para a ocupación da vía pública con motivo da celebración dunhas campañas evanxélicas, no Palco Exterior do parque de Castrelos os días 17 e 18 de xuño do ano en curso de 19 a 22 horas, sen que se entorpezca en ningún caso a libre circulación de peóns

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Fin de Campaña.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores do Parque
- A efectos de inclusión dunha garantía na Póliza de Responsabilidade Civil terase en conta unha cantidade de 1000 €
- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

53(686).- SOLICITUDE DO BNG PARA A REALIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE CAMPAÑA NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN O DÍA 17 DE XUÑO DO ANO EN CURSO. EXPTE. 71084/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 9.06.05, conformado polo concelleiro-delegado do área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR ao BNG para a ocupación da vía pública con motivo da celebración Festa de fin de Campaña, na Praza da Constitución, o 17 de xuño do ano en curso entre as 19 e as 24 horas, na Praza da Constitución, o 17 de xuño do ano en curso entre as 19 horas e as 24 horas.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Fin de Campaña.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruídos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

54(687).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez